

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 3 de maio de 2004

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D^a. Corina Porro Martínez
D. José Manuel Figueroa Vila
D^a. Lucia Molares Pérez
D. José Manuel Iglesias Carrera
D. Antonio Coello Bufill
D. Ignacio López-Chaves Castro.
D. Javier Jorge Guerra Fernández
D^a. Soledad Polo Lima
D. José Manuel Couto Pérez
D. Carlos Comesaña Abalde

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día tres de maio de dous mil catro e baixo a presidencia da Ilma. Sra. Alcaldesa, D^a. Corina Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados e do titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Manuel Xosé Lorenzo Penela, actuando como secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa. Esta presente, por invitación, a interventora Da. Berta Guarner González.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(516).- ACTA ANTERIOR. Apróbase, por unanimidade, a acta da sesión do 19 de abril de 2004. Deberá incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

2(517).- PRESTACIÓN DO SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTES. 12/22792, 12/30637, 11/30496 E DOC. 40006749.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informe das traballadoras sociais e de acordo cos informes proposta do xefe de Sector de Acción Social, do 27.04.04, conformados polo concelleiro de

Área de Asuntos Sociais, a Xunta de Goberno acorda concede la prestación do Servicio de axuda no fogar ás seguintes persoas:

- D^a. Demetria Iglesias Seijas. Expte. 12/22792.
- D^a. Saladina Dos Santos Lorenzo. Expte. 12/30637.
- D. Juan Vázquez Vázquez. Expte. 11/30496.
- D^a. Francisca Gomar Gomar. Doc. 40006749.

3(518).- MEMORIA DE AVALIACIÓN DO ESPECTÁCULO “TODA UNA VIDA” REALIZADO POR RADIO POPULAR S.A. PARA QUE SE AUTORICE O ABOAMENTO DE SUBVENCIÓN CONCEDIA POLA C.GOVERNO DO 9.06.03. EXPTE. 7752/331.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Especial do Servicio de Cultura, do 19.04.04, que di o seguinte:

A Comisión de Goberno de data 9 de xuño de 2003 acordou conceder unha subvención de 3.005 € (tres mil euros) a RADIO POPULAR, S.A. (Cadena de Ondas Populares Españolas), CIF A28281368 polo espectáculo “Toda una Vida” con el Dúo Dinámico con cargo á partida 4510.470.00.00 “Transferencia a empresas privadas” do presuposto da Concellería de Cultura para o ano 2003.

As bases de concesión de subvencións a empresas ou empresarios para realización de espectáculos establecen que a xustificación da subvención terá que realizarse de acordo co establecido na clausula décima:

“O pagamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria tra-la aprobación da memoria pola Comisión de Goberno, despois dos informes dos técnicos da concellería de Cultura e da xustificación da subvención, para o que os adxudicatarios deberán achega-la seguinte documentación:

- a) *Solicitud de liquidación da subvención concedida.*
- b) *Memoria-avaliación do espectáculo subvencionado, que deberá incluír como mínimo os seguintes datos:*
 - *Datos sobre os participantes.- Entradas vendidas, perfil do público asistente, etc.*
 - *Posibles incidencias acontecidas durante o desenvolvemento da actividade.*
 - *Memoria de prensa.*
 - *Relación definitiva de ingresos e gastos: especificando concepto, acreedor e gasto.*
 - *Balance económico das actividades: Gastos.- Facturas orixinais polo importe subvencionado e fotocopia compulsada de facturas ata un importe equivalente ó dobre da subvención concedida. Ingresos.- Detalle das contías ingresadas por tódolos tipos de conceptos: contribución económica da entidade beneficiaria da subvención; contías das subvencións recibidas de institucións; achegas económicas doutros patrocinadores; ingresos diversos, contías e procedencia.*
 - *Cinco (5) exemplares de impresos publicitarios realizados con motivo da actividade subvencionada; en caso de non terse editado ningún material publicitario, deberá indicarse este extremo.*
- c) *Calquera outro dato que sexa solicitado polo Concello.*

Con data 10 de novembro 2003, solicita polo Rexistro Xeral o pagamento de 3.005 € en concepto de subvencions concedidas a Radio Popular pola realización do espectáculo “Toda una Vida” con el Dúo Dinámico e achega adxunto a solicitude a seguinte documentación xustificativa:

- Memoria xustificativa.
- Relación definitiva de ingresos e gastos do espectáculo
- Dossier de prensa
- Facturas orixinais por importe de 8.294,00 €

A documentación presentada por RADIO POPULAR, S.A. (Cadena de Ondas Populares Españolas) CIF.: A 28281368 xustifica o pagamento da subvención concedida pola Comisión de Goberno na sesión de 9 de xuño de 2003.

Por todo o exposto faise a seguinte PROPOSTA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL:...”

Conclúe o informe formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo, conformada polo xefe de Cultura e polo concelleiro de Asuntos Sociais.

Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade co precedente informe-proposta, acorda:

1º.- Aprobar a memoria-avaliación presentada por RADIO POPULAR, S.A. (Cadena de Ondas Populares Españolas) CIF.: A 28281368 xustificativa do pagamento da subvención concedida pola Comisión de Goberno na sesión de 9 de xuño de 2003.

2º.- Autorizar o aboamento de 3.005 € (tres mil cinco euros) que supón o pagamento da subvención concedida pola Comisión de Goberno según acordo do 9 de xuño de 2003 a RADIO POPULAR, S.A. (Cadena de Ondas Populares Españolas) CIF.: A 28281368 con cargo a partida 4510.470.00.00 do presuposto municipal de cultura para o ano 2003. AD 26784.”

NESTE INTRE AUSÉNTASE DA REUNIÓN O CONCELEIRO SR.IGLESIAS CARRERA.

4(519).- PROXECTO DE SEMENTE E RENOVACIÓN DO CÉSPEDE DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÓDOS.

Dáse conta do informe-proposta do aparelador municipal e do director deportivo do IMD, do 28.04.04, conformado pola concelleira delegada de dito servizo, que di o seguinte:

Con data 10/03/2004 adxudicouse ao enxeñeiro don José Manuel Calderón Rodríguez, a redacción do PROXECTO DE SEMENTE E RENOVACIÓN DO CÉSPEDE DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÓDOS.

O dito enxeñeiro entrega o proxecto con data marzo 2004. Este proxecto axústase aos requirimentos técnicos do Concello e é suficiente para desenvolver as obras de renovación do céspede do campo de fútbol de Balaídos.

A execución deste Proxecto, supón un investimento de 94.272,02 € e ten un prazo de execución mínimo de 90 días naturais.

Por todo o exposto anteriormente, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte ACORDO:

“Aprobar o proxecto de execución da semente e renovación do céspede do Estadio Municipal de Balaídos, redactado polo enxeñeiro de montes don José Manuel Calderón, sendo o orzamento total das obras de 94.272,02 €”

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

5(520).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A EMPRESA ALCAMPO S.A. PARA O DESENVOLVEMENTO DO CURSO “CAIXEIRO/A DE GRAN SUPERFICIE”. EXPTE. 2275/077.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico favorable, do 16.04.04, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servicio de Desenvolvemento Local e Emprego, do 15.04.04, conformado pola concelleira de dito servicio e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aprobar o curso de “Caixeiro/a de gran superficie” dentro do programa de “Formación en empresas con compromiso de contratación” segundo o informe da técnica de inserción do Plan municipal de emprego que de seguido se transcribe (apartado a), que se desenvolverá no presente ano 2004.

2º.- Aprobar o texto do convenio a asinar coa entidade que desenvolverá o curso, tal e como consta transcrito no apartado b deste acordo.

3º.- Facultar a Dona Lucía Molares Pérez, concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local para a súa sinatura.

4º.- Aprobar a disposición total de 2.884 €, con cargo á partida orzamentaria 3220 470 00 00, “Programa de axudas á inserción laboral” que inclúe os gastos docentes, materiais e seguro do alumnado para a realización deste curso do programa “Formación en empresas con compromiso de contratación” do Plan municipal de emprego 2004-2007.

A) INFORME DA TÉCNICA DE INSERCIÓN DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO

**CURSO CAIXEIRO/A DE GRAN SUPERFICIE DENTRO DO PROGRAMA DE FORMACIÓN EN EMPRESAS
CON COMPROMISO DE CONTRATACIÓN**

O Concello de Vigo dende a Concellería de Desenvolvemento Local e Emprego xestiona o Plan municipal de emprego 2004-2007 que pretende ser un referente na necesaria coordinación entre todos os axentes implicados na loita contra o desemprego, configurándose como un proxecto aberto, coa vocación de ter unha fonda incidencia entre as persoas desempregadas da cidade, e de ser inductor dun cambio de visión sobre a problemática do paro, aportando o apoio municipal ás diversas facetas do camiño dende o desemprego á realización plena de actividade e á inserción laboral.

Do conxunto de accións a desenvolver no Plan municipal de emprego destaca o Programa de apoio a inserción laboral e dentro deste a “Formación en empresas con compromiso de contratación” que supón continuar na liña da experiencia exitosa obtida nos Plans formativos do Plan municipal de emprego 2000-2003. A formación ocupacional realízase nun ámbito productivo real, a empresa, onde o alumnado pode observar e desempeñar as actividades e funcións propias dos distintos postos de traballo e coñecer as relacións laborais e a organización dos procesos productivos.

O deseño deste curso, que enmarcase dentro do Plan formativo do ano 2004, ten como eixe fundamental o casamento entre os intereses formativos manifestados polas persoas usuarias do noso Servicio de orientación laboral e as necesidades detectadas no mercado de traballo, a través dos contactos cos responsables das empresas e asociacións empresariais de Vigo e a súa comarca, ás que se lles solicitaba a súa colaboración para o desempeño de programas de formación.

Dado o interese que a empresa Alcampo, S.A. amosa por facer outro curso e unha vez analizado o seu presuposto, o seu programa e o perfil demandado (mulleres e homes entre 18 e 35 anos con graduado escolar, boa imaxe e presenza), o equipo do Servicio de orientación laboral considera esta oferta axeitada para incrementar as posibilidades de inserción laboral das persoas beneficiarias da nosa base de datos.

Por outra parte esta empresa leva xa colaborando no programa de Formación en empresas con compromiso de contratación case 5 anos con un alto grado de satisfacción por parte do alumnado e posteriormente traballadores/as así como por parte do equipo do Servicio de orientación laboral. O compromiso de contratación que se asina no convenio é do 50% por un período mínimo de tres meses e este compromiso sempre superouse alcanzando na maioría dos cursos o 100% de persoas contratadas con contratos de duración mínima de seis meses.

A programación e o enfoque eminentemente práctico da impartición do curso permite aproximar de maneira moi notable a acción formativa ás necesidades reais da empresa o que suporá unha boa acollida por parte das persoas entrevistadas.

CARACTERÍSTICAS DO CURSO

| DENOMINACIÓN | Nº | Nº HORAS | ENTIDADE | IMPORTE (euros) |
|-------------------------------|----|----------|--------------|--------------------|
| CAIXEIRO/A DE GRAN SUPERFICIE | 30 | 125 | ALCAMPO,S.A. | 2.884 |

DATA DE REALIZACIÓN

A data prevista para o desenvolvemento do curso é o mes de maio, aínda que esta pode sufrir modificacións.

SELECCIÓN DE EXPERTOS/AS

Considérase que a mellor opción é que as empresas e entidades colaboradoras se fagan cargo da selección dos/as expertos/as docentes.

No caso de que as empresas non dispoñan do persoal cualificado recorreríase á base de datos de expertos/as docentes da Concellería de Desenvolvemento Local e Emprego conforme co establecido no acordo da Comisión de Goberno Municipal do 23/5/1997.

SELECCIÓN DE ALUMNOS/AS

Os cursos terán unha participación máxima de 30 persoas, que serán divididas en dous grupos para facilitar a súa aprendizaxe.

A selección farase entre as persoas entrevistadas polos/as orientadores/as do Servicio de orientación laboral da Concellería de Desenvolvemento Local e Emprego que teñan dentro do seu itinerario formativo a realización de cursos de formación ocupacional. Se desta forma non se cubriran tódalas prazas, publicarase un anuncio na prensa local.

ORZAMENTO

O orzamento deste curso de Formación en empresas con compromiso de contratación do ano 2004 do Plan municipal de emprego 2004-2007 comprende custos docentes e custos materiais.

A) CUSTOS DOCENTES

A actividade formativa levarase a cabo na empresa, o que facilitará o acercamento do alumnado á realidade empresarial.

Os custos de persoal docente, ascende á cantidade de 1.603,00 €.

B) CUSTOS MATERIAIS

Neste concepto inclúense tódolos gastos de realización dos cursos (seguro de accidentes, aluguer de instalacións, material funxible, etc).

Os custos materiais ascenden a 1.281,00 €.

Sumando os conceptos dos apartados anteriores (A+B) o importe total da posta en marcha deste curso ascende a 2.884€.

Este gasto poderase facer contra a partida orzamentaria 3220 470 00 00, “ Programa de axudas á inserción laboral”, do ano en curso.

B) PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE VIGO E A EMPRESA ALCAMPO S.A. PARA O DESENVOLVEMENTO DO CURSO “CAIXEIRO/A DE GRAN SUPERFICIE”.

REUNIDOS:

Dunha parte:

O Excmo Concello de Vigo, con CIF P-3605700-H, e representado por Dona Lucía Molares Pérez en calidade de Concelleira de Promoción Económica e de Desenvolvemento Local,

doutra:

Don Juan Carlos Bouzón Loureiro con NIF 36044829-B en nome e representación da empresa ALCAMPO, S.A con domicilio na rúa Grove, s/n da cidade de Vigo.

Actúan ambas partes no exercicio dos seus cargos e na representación que ostentan recoñecéndose reciprocamente a capacidade suficiente para asinar este convenio.

EXPOÑEN:

PRIMEIRO: A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, indica, no seu artigo 80, punto 2, letras k) e p), que o municipio exercerá competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma participando, entre outros aspectos, na formación de activos e desempregados. Deste xeito, o Pleno do Excmo. Concello de Vigo aprobou, por unanimidade, na súa sesión de data 26 de xaneiro de 2004, o Plan municipal de emprego 2004-2007. O Concello de Vigo, dende a Concellería de Desenvolvemento Local e Emprego, no marco dese Plan e dentro do Programa de axudas á inserción sociolaboral, promove a formación en empresas, co compromiso, por parte destas, de contratar un mínimo do alumnado que remate satisfactoriamente o curso, para colaborar de forma activa na loita contra o desemprego e mellorar, entre outras facetas, a ocupabilidade das persoas desempregadas da área de influencia viguesa. Esta fórmula obriga a que o deseño das accións formativas, eminentemente prácticas, estea moi adaptado tanto ás características das persoas beneficiarias como ás necesidades das empresas e a que estas participen dun aprendizaxe activo desenvolvido dentro do ámbito productivo real.

SEGUNDO: A empresa ALCAMPO, S.A é sensible a estes obxectivos, ademais de ter a necesidade de formar traballadores/as no seu sector ante a gran demanda do mercado laboral existente hoxe en día, polo que expresa a súa intención de participar activamente neste programa.

Por todo isto subscriben o presente convenio de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA.- Obxecto do Convenio

O presente convenio ten por obxecto establecer un marco de colaboración para realizar unha acción formativa cunha duración de 125 horas lectivas incluídas as prácticas, a razón de 5 horas diarias, coa finalidade de formar a 30 persoas como “Caixeiros/as de gran superficie” e co compromiso de contratar, por parte da empresa ALCAMPO, S.A., un mínimo do 50% do alumnado que remate satisfactoriamente o curso. Estas contratacións terán unha duración mínima de 3 meses e a formalización dos contratos de traballo deberá realizarse dentro dos 3 meses seguintes á data de finalización da acción formativa. O temario do curso inclúese no anexo a este convenio.

SEGUNDA.- Compromisos de ALCAMPO S.A.

A empresa ALCAMPO,S.A organizará, impartirá, avaliará e fará unha memoria final e cantas outras accións sexan necesarias para realizar o curso motivo do convenio, para o que contará co material, seguros, persoal técnico e instalacións necesarios para o seu correcto desenvolvemento. Posteriormente, dentro dos 3 meses seguintes á data de finalización da acción formativa, contratará, cunha duración mínima de 3 meses, a un mínimo do 50 % do alumnado que remate satisfactoriamente o curso.

TERCEIRA.- Compromisos do Concello de Vigo

O Concello de Vigo afrontará os gastos polo importe estipulado. Así mesmo, realizará a selección dos/as candidatos/as a través do equipo técnico do Servicio de orientación laboral en colaboración coa empresa, controlará o desenvolvemento do curso e recompilará toda a documentación e información relativa a este que considere oportuna para o seu bo fin e xustificación.

CUARTA.- Seguimento do Convenio

Para o seguimento do convenio, así como para a determinación dos criterios non previstos no funcionamento do mesmo, nomearase unha Comisión de Seguimento, composta por un/unha representante por cada parte asinante. A Comisión de Seguimento será presidida por un representante municipal e deberá reunirse cando as partes o acorden. O/A representante municipal na Comisión de Seguimento será nomeado/a polo Alcalde, a proposta da Concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local.

QUINTA.- Incumprimento do Convenio

O incumprimento do especificado nas cláusulas poderá ser motivo de cancelamento da execución deste convenio, previa resolución da Comisión de Seguimento.

Como norma última, será o Concello de Vigo o que teña a capacidade de decisión definitiva no referido ó presente convenio ou accións nel incluídas, caso de non existir acordo entre as partes.

SEXTA.- Vixencia do Convenio

O presente convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura, e estará vixente ata o cumprimento do obxecto do mesmo, é dicir, noventa días despois da data de finalización da acción formativa.

SÉTIMA.- Relación contractual

A sinatura do presente convenio non suporá relación contractual algunha con este Concello de Vigo por parte do persoal encargado da organización, impartición ou calquera outra tarefa no desenvolvemento do curso.

OITAVA.- Forma de pago

O Concello de Vigo afrontará os gastos por un importe de 2.884€. No referido ó pagamento da cantidade acordada como presuposto das actividades formativas, motivo do presente convenio, o Concello aboará unha cantidade inicial

de 1.442€, que supón o 50% do total, ó inicio do programa, para facer fronte ós gastos xerados polo comezo das actividades. Será tramitado unha vez que se certifique, por parte do/a responsable municipal designado/a, que tal actividade se ten iniciado efectivamente.

O resto do importe da cantidade presupostada aboarase nun segundo e derradeiro pago que se corresponderá co outro 50% do total, 1.442€, unha vez que sexa debidamente xustificada a consecución dos compromisos adquiridos pola empresa.

Este gasto farase con cargo á partida orzamentaria 3220 470 00 00 “Programas de axudas á inserción laboral” do presuposto vixente.

E, en sinal de conformidade, as dúas partes asinan este convenio que se expide por triplicado e a un só efecto, no lugar e data que se indican máis abaixo.

6(521).- BASES PARA O PROCEDEMENTO DE CAPTACIÓN E SELECCIÓN DE BENEFICARIOS/AS DO PROXECTO ALICERCE. EXPTE. 2297/077.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do xefe do Servicio de Desenvolvemento Local e Emprego, do 26.04.04, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, que di o seguinte:

ANTECEDENTES. DESCRICIÓN DO PROXECTO.

O proxecto ALICERCE (expte. 2004/077) aprobado pola Comisión de Goberno na súa sesión do 29 de setembro de 2003 e presentado á Dirección Xeral para a Administración Local do Ministerio de Administracións Públicas o 30 de setembro de 2003, foi aceptado para ser subvencionado con fondos da Subvención Global do Fondo Social Europeo, mediante Resolución aprobatoria de data 29 de xaneiro de 2004. O prazo de inicio do proxecto tería, segundo o estipulado na propia Resolución, como data tope o 11 de marzo de 2004 pero, tras a correspondente solicitude de prórroga, o Ministerio de Administracións Públicas acordou ampliar o referido prazo ata o 26 de marzo de 2004, dando finalmente comezo o proxecto o día 25 de marzo de 2004, coa contratación do equipo de estrutura do mesmo.

Os obxectivos principais de proxecto ALICERCE son:

- *Elaborar e implementar itinerarios de inserción laboral para a capacitación e especialización de persoas desempregadas (en número aproximado de 70) no sector de atención a persoas, así como formar e acompañar no deseño e posta en marcha de proxectos empresariais.*
- *Dinamizar e reforzar os servizos que actualmente se prestan a estes colectivos con especiais necesidades no Concello de Vigo.*

Estes obxectivos materialízanse en catro posibles itinerarios aos que os/as beneficiarios/as poden acceder:

ITINERARIO MEDIACIÓN INTERCULTURAL (15 participantes), dirixido a persoas que amosen motivación e un claro interese por este área, cunha formación inicial preferentemente no eido das ciencias sociais. O obxectivo que se persegue neste itinerario é capacitar e especializar aos/ás participantes para unha intervención eficaz con

inmigrantes, emigrantes retornados e minorías étnicas, así como para fomentar a convivencia e educación intercultural coa poboación en xeral.

ITINERARIO ADICCIÓNS E CONDUCTAS DE RISCO (15 participantes), dirixido a persoas que amosen motivación e un claro interese por este área, cunha formación inicial preferentemente no eido das ciencias sociais. O obxectivo que se persegue neste itinerario é capacitar aos/ás participantes para a adquisición das habilidades, actitudes e técnicas necesarias para traballar con persoas con adiccions e conductas de risco, así como para actuar como promotores de saúde.

ITINERARIO LECER E TEMPO LIBRE: OBRADOIROS PARA A INTEGRACIÓN SOCIAL (30 participantes), dirixido a persoas con inquietudes sociais e que amosen interese e capacidades para a realización de actividades de lecer e tempo libre con diversos colectivos, especialmente terceira idade e discapacitados.

ITINERARIO CREACIÓN DE EMPRESAS (10 participantes), dirixido ao apoio na posta en marcha de proxectos empresariais relacionados coa atención a persoas.

BASES PARA O PROCEDIMENTO DE CAPTACIÓN E SELECCIÓN DE BENEFICIARIOS/AS DO PROXECTO ALICERCE

1º) Anuncios en prensa (Anexo 1).

Publicaranse :

- un anuncio nas páxinas de información municipal da prensa local e
- un anuncio nas páxinas de emprego do Faro de Vigo

nos que se incluírán os datos básicos do proxecto, perfil dos/as candidatos/as, itinerarios posibles, proceso de selección, datas para a recollida de solicitudes (convocando, en primeira instancia, a unha sesión informativa ás persoas interesadas) e onde obter máis información. Así mesmo os/as candidatos/as poden proceder de derivacións ordeadas de entidades relacionadas, proxectos de emprego da cidade ou de servizos relacionados coa Concellería de Desenvolvemento Local e Emprego.

Data prevista: 07 e 09/05/2004.

No caso de non ter suficientes solicitudes que cumpran os requisitos establecidos de acceso ao proxecto nalgún itinerario despois de rematado o prazo de presentación, publicaranse máis anuncios dirixidos a captar beneficiarios/as só para ese itinerario e emprazándolles a presentar solicitudes nas instalacións do proxecto Alicerce (cun novo prazo de recollida).

2º) Sesión informativa.

Na sesión informativa, a realizar no Auditorio municipal, presentarase o proxecto, lembraranse requisitos e itinerarios, clarifícanse dúbidas e facilitaranse os impresos de solicitude (Anexo 2), indicando o prazo de presentación e a documentación a aportar (orixinais e fotocopias: DNI ou NIE, tarxeta demandante de emprego actualizada, certificado do INEM de antigüedad en desemprego, vida laboral no caso de ser demandante de primeiro emprego, certificado de minusvalía ou xustificante de ter recoñecida unha incapacidade laboral (en grado de total ou gran invalidez) no caso de ser discapacitado/a, certificado do INEM no caso de ser emigrante retornado/a, acreditación da titulación afín ao itinerario que desexe e no caso do itinerario de creación de empresas breve descrición do proxecto empresarial).

Data prevista: 13/05/04.

3º) Presentación de solicitudes.

As persoas interesadas presentarán, nas instalacións do Proxecto Alicerce (R/ Martínez Garrido, 21 int. baixo), as solicitudes debidamente cumprimentadas, segundo o modelo que se facilitará, e a documentación antes mencionada.

Data prevista: ata o 21/05/04

4º) Preselección de candidatos/as.

Do estudio, por parte do equipo técnico do proxecto, das solicitudes presentadas, sairá unha primeira listaxe con aqueles/as preseleccionados/as, que cumpran e xustifiquen os seguintes requisitos:

- desempregados/as inscritos/as como demandantes de emprego no servizo público de emprego correspondente (tal e como esixe a base 6ª das Bases Reguladoras que rexen a Subvención Global do Fondo Social Europeo).
- ter perfil relacionado co itinerario no que desexe participar. Os perfís son os que a continuación se detallan:
 - Itinerario Mediación intercultural: preferentemente, formación regrada nalgunha das seguintes titulacións: Ciclo superior en Integración Social, diplomaturas en Traballo Social, Educación social, Maxisterio, Terapia ocupacional, licenciaturas en Psicopedagogía, Psicoloxía, Pedagogía, Socioloxía, Ciencias Políticas,...
 - Itinerario Adicións e conductas de risco: preferentemente, formación regrada nalgúnha das seguintes titulacións: Ciclo superior en integración social, diplomaturas en Traballo social, Maxisterio, Educación Social, licenciaturas en Psicoloxía, Pedagogía, ...
 - Itinerario Lecer e tempo libre: obradoiros para a integración social.
- Animación en terceira idade e discapacidade: Estar en posesión do título de monitor de lecer e tempo libre, dispoñibilidade horaria e, preferentemente, ter formación regrada nalgúnha das seguintes titulacións: Ciclos superiores en integración social, animación de actividades físicas e deportivas, animación sociocultural e animación turística, FPII en educación de diminuídos psíquicos, diplomaturas en Maxisterio, Educación social, Traballo social, Turismo, Terapia ocupacional, licenciaturas en Psicoloxía, Psicopedagogía, Pedagogía, Socioloxía, ...
- Monitor de tempo libre e Animación na terceira idade e discapacidade: Dispoñibilidade horaria e, preferentemente, formación regrada nalgúnha das seguintes titulacións: Ciclos superiores en integración social, animación de actividades físicas e deportivas, animación sociocultural, animación turística, FPII en educación de diminuídos psíquicos, diplomaturas en Maxisterio, Educación social, Traballo social, Turismo, Terapia ocupacional, licenciaturas en Psicoloxía, Psicopedagogía, Pedagogía, Socioloxía, ...
- Itinerario Creación de empresas: persoas cunha idea empresarial mínimamente definida e viable técnicamente en eidos relacionados coa atención ás persoas.

Ademáis valoraranse as seguintes situacións:

- Condición de muller1 punto
- Demandantes de primeiro emprego.....1 punto
- Emigrantes retornados e inmigrantes.....1 punto
- Menores de 25 anos..... 1 punto
- Maiores de 45 anos.....2 puntos
- Desempregados
 - De 1 a 4 meses en desemprego.....0,5 puntos
 - Por cada mes en desemprego adicional, 0,1 puntos ata un máximo de 1,6 puntos

Mais de 2 anos en desemprego.....1 punto

E, seguindo os obxectivos do Plan municipal de emprego 2004-2007, priorizarase a inclusión de persoas da Casa de acollida de mulleres maltratadas e persoas cunha discapacidade recoñecida.

Data prevista: 26/05/2004.

5º) Entrevistas persoais.

A posible incorporación ao proxecto das persoas preseleccionadas farase mediante unha entrevista profesional en profundidade por parte do equipo técnico do proxecto na que ademais teranse en conta as seguintes características:

- Disponibilidade horaria (excepto no itinerario de lecer e tempo libre no que é imprescindible).
- Motivación cara á súa formación e incorporación ao mercado laboral nos ámbitos do proxecto.
- Aptitudes e cualidades persoais.
- Residencia no Concello de Vigo.

Data prevista: dende o 26/05/04

6º) Selección definitiva.

Tendo en conta que os/as beneficiarios/as iran incorporando ao proxecto de forma sucesiva en función da programación das distintas accións formativas do proxecto, darase conta á Xunta de Goberno local, nunha primeira listaxe, da relación definitiva de beneficiarios/as participantes e suplentes das accións formativas que den comezo no ano 2004. Posteriormente, despois de seleccionados/as os/as beneficiarios/as que den comezo a súa participación no proxecto no ano 2005, darase conta, mediante unha segunda listaxe, da relación definitiva de participantes e suplentes das accións formativas que comezen nese ano.

En consecuencia, polo que antecede, propónse á Xunta de Goberno local a adopción do seguinte acordo:

1. Aprobar as bases para o procedemento de captación e selección de beneficiarios/as do Proxecto Alicerce que se inclúe no presente Informe-proposta, para a súa aplicación a partir da súa data de aprobación.

Acordo

A Xunta de Goberno acorda aproba-las bases para o procedemento de captación e selección de beneficiarios/as do Proxecto Alicerce que se inclúen no precedente informe-proposta, para a súa aplicación a partir da súa data de aprobación.

7(522).- GASTOS DE LOCOMOCIÓN DO PERSOAL MUNICIPAL PARA INCLUIR NA NÓMINA DO MES DE MAIO.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da interventora xeral, do 26.04.04, a Xunta de Goberno acorda:

Aproba-los gastos de locomoción do persoal municipal que de seguido se detallan para a súa inclusión na nómina do mes de maio:

| SERVIZO | CLASIFICACION FUNCIONAL | IMPORTE |
|--------------|-----------------------------|------------------|
| 1210 | Conserxería | 1.156,00 |
| 1212 | Parque Mobil | 267,92 |
| 1216 | Patrimonio e contratación | 97,75 |
| 2220 | Seguridade | 730,37 |
| 3130 | Benestar Social | 35,36 |
| 4130 | Sanidade | 127,50 |
| 4220 | Educación | 638,16 |
| 4324 | Electromecánicos | 204,68 |
| 4326 | Parque e Xardins | 69,87 |
| 4430 | Cemiterios | 141,61 |
| 4450 | Infraestructuras-M.Ambiente | 721,21 |
| 4513 | Museo Quiñones de León | 99,11 |
| 4520 | Xuventude | 457,47 |
| SERVIZO | CLASIFICACION FUNCIONAL | IMPORTE |
| 5110 | Vías e Obras | 3.052,80 |
| 6100 | Inspección | 4.386,00 |
| TOTAL | | 12.185,81 |

8(523).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DA AGRUPACIÓN DE FESTAS DE VIGO PARA A CELEBRACIÓN DA FESTA DE SAN ISIDRO EN MOLEDO DO DÍA 14 Ó 16 DE MAIO DE 2004. ESTIMADA. EXPTE. 69328/210.

Examinadas as actuacións do expediente, vista a solicitude de D. José Porto Padín relativa á celebración da Festa de San Isidro e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade e Transportes, do 27.04.04, a Xunta de Goberno acorda:

AUTORIZAR á AGRUPACIÓN DE FESTAS DE VIGO, á ocupación do espazo público solicitado co gallo da celebración da Festa de San Isidro, os vindeiros días 14,15 e 16 de maio de 2004, en Moledo na zona marcada e delimitada no plano que se achega no expediente, debendo delimita-lo recinto, deixar espazo baleiro para o paso de persoas e vehículos no caso de urxencias; así mesmo, non se poderá ocupar ou invadi-las vías públicas ou accesos, debendo sinalizar o contorno para a libre circulación de persoas e vehículos na zona, velando os solicitantes para que non se produza alteración da orde pública.

Axustaranse así mesmo, ás seguintes normas:

--- Horario máximo autorizado: 2:30 horas.

--- Límite transmisión ruidos: non se superarán os fixados na taboa 1.2 do anexo da vixente Ordenanza Municipal de Ruidos e Vibracións, publicado no B.O.P.de data 16 de outubro de 2000.

--- Deberán solicitar do departamento de limpeza un reforzo de contenedores e deixar o recinto nas debidas condicións de limpeza, unha vez finalizadas as celebracións, así como dar cumprimento ás normas sobre ocupación de espazos públicos aprobadas na Comisión de Goberno de data 17 de marzo de 2003.

NESTE INTRE AUSÉNTASE DA REUNIÓN O CONCELLEIRO SR. COUTO PEREZ.

9(524).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DA COMISIÓN DE FESTAS DA XUVENTUDE PARA A CELEBRACIÓN DA FESTA DA XUVENTUDE EN BALAIÓDOS DO 12 Ó 17 DE MAIO DE 2004. ESTIMADA. EXPTE. 69432/210.

Examinadas as actuacións do expediente, vista a solicitude de D. Fernando Araujo Conde relativa á celebración da Festa da Xuventude e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade e Transportes, do 26.04.04, a Xunta de Goberno acorda:

AUTORIZAR á Comisión de Festas da Xuventude, á ocupación do espazo público solicitado co gallo da celebración da FESTA DA XUVENTUDE, os vindeiros 12 a 17 de maio de 2004 en Balaídos, na zona marcada e delimitada no plano que se achega no expediente, debendo: delimita-lo recinto, deixar espazo baleiro para o paso de persoas e vehículos no caso de urxencias; asimesmo, non se poderá ocupar ou invadi-las vías públicas ou accesos, debendo sinalizar o contorno para a libre circulación de persoas e vehículos na zona, velando os solicitantes para que non se produza alteración da orde pública

Notificar a obriga de buscar en edicións vindeiras outra ubicación que interfira en menor medida co normal discurrir do tráfico rodado e mellore as actuais condicións de Seguridade Vial.

Axustaranse así mesmo, ás seguintes normas:

---Horario máximo autorizado: 2:30 horas

---Límite transmisión ruidos non se superarán os fixados na taboa 1.2 do anexo da vixente Ordenanza Municipal de Ruidos e Vibracións, publicado no B.O.P.de data 16 de outubro de 2000.

---Deberán solicitar do departamento de limpeza un reforzo de contenedores e deixar o recinto nas debidas condicións de limpeza, unha vez finalizadas as celebracións, así como dar cumprimento ás normas sobre ocupación de espazos públicos aprobadas na Comisión de Goberno de data 17 de marzo de 2003.

10(525).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A “ASOCIACIÓN REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MALOS TRATOS DE VIGO” E A CONCELLERÍA DA MULLER PARA O APOIO A DITA ASOCIACIÓN DURANTE O ANO 2004 NO DESENVOLVEMENTO DAS SÚAS ACTIVIDADES. EXPTE. 1653/224.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 16.04.04 e de acordo co informe-proposta da técnica da oficina da Muller do 23.04.04, conformado pola concelleira delegada de dito servizo e pola interventora xeral a Xunta de Goberno acorda:

1º.-Aprobar a sinatura do “Convenio de colaboración entre a “Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos de Vigo” e a Concellería da Muller do Concello de Vigo .

2º.- Autorizar á concelleira da Muller para que o subscriba en nome do Concello de Vigo.

3º.- Autorizar o gasto de 6.000.- euros (seis mil euros) con cargo á partida 463.2.227.06.08 do presuposto prorrogado para o ano 2004.

4º.- Aprobar o texto, que de seguido se dí:

En Vigo, na casa do Concello, o día de abril de dous mil catro,

REÚNESE:

Dunha parte, D^a Lucía Molaes Pérez, Concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local – Muller- do Concello de Vigo, en nome e representación do mesmo.

Doutra D^a Josefa Martínez Alonso, con DNI núm. 35.983.406-K, en representación da Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo.

As dúas partes recoñécense capacidade legal e representación suficiente para suscribir o seguinte

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MALOS TRATOS DE VIGO PARA O APOIO Ó MANTEMENTO DA REDE DE MEDIADORAS”

de acordo cos seguintes

ANTECEDENTES

A cidade de Vigo conta cunha rede de servizos e recursos específicos para as mulleres. Por unha banda, existe un centro de atención global e específica á muller, que é o Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, onde diferentes profesionais reciben as demandas e traballan directa e planificadamente coas mulleres. Por outra banda, Vigo é unha cidade historicamente estruturada en barrios cunha dinámica e servizos comunitarios propios

e descentralizados (culturais, asociativos, de saúde...), onde as mulleres teñen representatividade formal e informal na vida cotiá do barrio a través de asociacións de base que lles permiten o coñecemento a fondo da realidade.

Executando unha das medidas contempladas no “1º Plan de acción municipal para combater a violencia contra as mulleres”: “Posta en marcha de puntos de información nos barrios para mulleres vítimas de violencia” no ano 2001 valorouse oportuno crear (e manter hata hoxe) os “Punto Informa” na FV Eduardo Chao de Vigo e no ano 2002 na Asociación de Mulleres Dorna, a través de sendos convenios de colaboración.

Estos servicios foron creados co obxecto de achegar ás mulleres a información de servicios e recursos e de facilitar a detección e a denuncia da violencia.

Ademáis desta estrutura de servicios específicos, dende o ano 1997 un grupo de mulleres vinculadas ó movemento veciñal ven traballando de xeito solidario na prevención e axuda ás mulleres maltratadas. Recentemente, no mes de novembro de 2003, esta rede de mulleres constitúese nunha Asociación independente e autónoma baixo o nome “Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo” formalizando a súa inscrición no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia e do Concello de Vigo.

Esta asociación a forman un grupo organizado de mulleres vinculadas ás asociacións veciñais que apoian e acompañan ás mulleres no proceso de concienciación e ruptura cos malos tratos, constituíndose nun referente social de denuncia e de mobilización contra os malos tratos. As mulleres que forman parte da rede traballan de xeito voluntario como mediadoras nos casos de violencia de xénero e reciben unha formación específica impartida por profesionais do ámbito psico-social, xurídico, e policial .

Os fins da Rede de mediadoras como contemplan os seus estatutos son entre outros:

- .- Traballar na prevención dos malos tratos*
- .- Asistir ás mulleres maltratadas en todas as situacións que sexa necesario*
- .- Difundir os valores de igualdade entre as persoas sen discriminación por razón de xénero, defender os dereitos e intereses das mulleres maltratadas.*
- .- Potenciar o benestar social e a calidade de vida das mulleres realizando os estudos e propoñendo as medidas políticas precisas ós órganos da administración.*

Considerando que os seus fins cumpren os obxectivos da Concellería da Muller en prol da igualdade de oportunidades e máis especificamente contra a violencia que sofren as mulleres, valórase oportuno que o Concello de Vigo apoie esta iniciativa de carácter solidario baixo a fórmula dun convenio de colaboración.

Para plasmar esta colaboración fórmulanse as seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O obxecto deste convenio é apoiar á “Asociación Rede de mulleres veciñais contra os malos tratos de Vigo” segundo os obxectivos e actividades que desenvolve dita asociación durante o exercicio 2004, segundo o programa que se incorpora ó convenio como anexo I .

SEGUNDA.- DESTINATARIAS

As accións obxecto deste convenio están dirixidas a todas as mulleres de Vigo que sofren violencia de xénero e que manifesten o seu desexo de ser axudadas pola Rede.

Procederáse á atención e acompañamento necesario aínda que as mulleres non sexan veciñas de Vigo nos casos derivados polos servizos municipais: Casa de Acollida e Centro Municipal de Información dos Dereitos das Mulleres.

TERCEIRA.- COMPROMISO DA ASOCIACIÓN REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MALOS TRATOS

1.- Asumir todo o concernente á organización xeral das actividades obxecto do convenio, achegando a infraestrutura e o equipo humano necesario para tal fin, así como cumprir o programa que figura como Anexo I.

2.- Asumir todos os gastos que se deriven da organización destas actividades e obter todos os permisos e autorizacións para a súa realización.

3.- Responsabilizarse de que todas as actividades desenvolvidas contén cos seguros sociais, de responsabilidade civil, etc, cara a súa correcta execución.

A persoa ou persoal que preste servizos na Asociación Rede de Mulleres Veciñais non manterá relación laboral nin contractual co Concello de Vigo.

4.- Difundir a colaboración da Concellería da Muller nos termos descritos no presente convenio e insertar en lugar visible os logos da Concellería da Muller e do Concello de Vigo no material escrito e audiovisual que se edite.

CUARTA.- COMPROMISO DO CONCELLO DE VIGO. IMPORTE DA AXUDA

O custo total da realización das actividades que se levarán a cabo durante o ano 2004, segundo o orzamento presentado pola Asociación e que figura como anexo II deste convenio, ascende a un importe total de 7.700.- euros, dos que o Concello de Vigo financiará un importe total de seis mil euros (6.000.- euros). A axuda do Concello de Vigo incluírá tanto os consumos (teléfono, luz, distribución postal) como o abono de salarios, publicidade e os gastos de formación e desprazamento das mediadoras.

Estes gastos deberán ser xustificados semestralmente ante a Oficina da Muller do Concello de Vigo, mediante a presentación de orixinais de facturas e xustificantes de pagos efectuados. O Concello de Vigo informará da situación á comisión de seguemento.

QUINTA.- XEITO DE PAGO

O Concello de Vigo abonará o importe da axuda en tres partes:

- a) A primeira por importe de 2.000.- euros coa firma do presente convenio,
- b) A segunda por importe de 2.000.- euros no mes de xuño, previa a entrega do informe de avaliación das actividades e xustificantes orixinais de gasto.

- c) *A terceira por importe de 2.000.- euros no mes de decembro previa a certificación do departamento da muller acreditando o cumprimento do convenio unha vez se achegue a memoria anual da asociación e xustificantes orixinais de gasto.*

O Concello de Vigo aportará a documentación técnica precisa como a guía de recursos e a atención profesional especializada a través do persoal do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller

SEXTA. – COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento e avaliación do presente convenio de colaboración establécese unha comisión de seguimento e avaliación que, presidida pola Concelleira Delegada de Promoción Económica e Desenvolvemento Local-Muller- estará formada, previo nomeamento da Presidenta, por:

- *A responsable da Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos de Vigo.*
- *Unha técnica do Departamento da Muller.*
- *Unha técnica do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller*

SÉTIMA. – VIXENCIA DO CONVENIO

A vixencia deste convenio abrangue dende a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local ata o día 31 de decembro de 2004. Neste período deberán estar rematados tódos os trámites a él referidos.

Poderán ir incluíndose nel como anexos os acordos complementarios que subscriban as partes, previa a súa aprobación.

OITAVA. – PUBLICIDADE

Toda a publicidade das actividades desta Asociación que teñan relación co obxecto deste convenio deberan realizarse por mutuo acordo das partes, incluíndo os logotipos do Concello de Vigo, da Concellería da Muller en canto documento ou soporte gráfico escrito se realice.

A Rede de Mulleres Veciñais en todo acto de difusión nos medios de comunicación deberá informar da colaboración da Concellería da Muller nos termos establecidos no presente convenio.

O Concello de Vigo incluírá este servizo entre os especializados en muller que difunda mediante campañas de publicidade.

NOVENA. – AVALIACIÓN

Na memoria anual e nas visitas de avaliación que se establezan para o “Plan de Acción Municipal para combater a violencia contra as mulleres” a Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos axustarase ás medicións de items e demais aspectos metodolóxicos que se fixen na avaliación global da intervención municipal; isto sen menos cabo de que se realicen aportacións complementarias que se valoren de interese.

De igual xeito facilitarase o acceso de persoal autorizado á información documental das actividades da Rede e teña interese para a avaliación e xestión municipal.

DÉCIMA. – CONFIDENCIALIDADE

A Rede de Mulleres Veciñais garantizará o dereito á confidencialidade das beneficiarias utilizando claves que convirten en anónimos os datos recollidos , fixará limitacións de acceso ás mesmas e incluírá unha cláusula de confidencialidade nas persoas que traballen como mediadoras .

DÉCIMO PRIMEIRA. - INCUMPRIMENTO DO CONVENIO

O incumprimento do convenio pode dar lugar á revogación do mesmo, total ou parcialmente e as correspondentes penalizacións económicas.

DÉCIMO SEGUNDA.- INTERPRETACIÓN DO CONVENIO

A interpretación do presente convenio é competencia da Xunta de Goberno Local, logo de escoitar á comisión de seguemento.

DÉCIMO TERCEIRA.- PERCEPCIÓN DOUTRAS SUBVENCIONS

A Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo declara, baixo a súa responsabilidade, non percibiren subvención ningunha por estes mesmos conceptos, no período que abrangue ó presente convenio. De percibiren algunha será comunicada expresamente ó Concello para ser deducido o seu importe da axuda concedida.

11(526).- DEVOLUCIÓN DE FIANZAS:

Examinadas as actuacións dos expedientes, e de acordo coas propostas do xefe de Patrimonio, do 27.04.04, a Xunta de Goberno acorda:

a) Examinadas as actuacións do expediente, vista a solicitude de devolución de fianza de D. Andrés Tamajón Barranco, do 18.02.04, o informe favorable do enxeñeiro técnico do Servicio de Infraestructuras e Obras, do 12.04.04 e de acordo co informe-proposta do xefe de Patrimonio, 27.04.04, a Xunta de Goberno acorda:

Devolver a D. Andrés Tamajón Barranco (Circo Acuático Bellucci) a fianza de 601 €, nº de operación 200400007593 de data 17 de febreiro de 2004, constituída para responder dos danos producidos pola instalación do circo no aparcamento de Samil. Doc. 40016673.

b) Examinadas as actuacións do expediente, vista a solicitude de devolución de fianza de D. Emidio Bellucci, do 12.03.04, o informe favorable do enxeñeiro técnico do Servicio de Infraestructuras e Obras, do 12.04.04 e de acordo co informe-proposta do xefe de Patrimonio, do 27.04.04, a Xunta de Goberno acorda:

Devolver a D. Emidio Bellucci (Circo Bellucci) a fianza de 601 €, nº de operación 200400008551 de data 20 de febreiro de 2004, constituída para responder dos danos producidos pola instalación do circo no aparcamento de Samil. Doc. 40026136.

12(527).- RECLAMACIÓN DE DANOS:

a) D. MANUEL AVELINO SEIJAS GARCÍA. ESTIMADA. EXPTE. 13805/240.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do xefe da Unidade de Patrimonio do 4.03.04, conformado polo xefe de Réxime Interior, o dictame favorable do Consello Consultivo de Galicia, do 1.04.04, e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Patrimonio do 14.04.04, conformado polo xefe de Réxime Interior e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Indemnizar a D. MANUEL AVELINO SEIJAS GARCÍA coa cantidade de 139,43 euros, valor dos danos ocasionados ó seu vehículo PO-4495-BG, a consecuencia do impacto dun recolector de lixo na parte traseira do mesmo.

2º.- Comunica-lo acordo ó secretario do Consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 59-1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, e ós efectos do previsto no art (33-l-i) do devandito Regulamento.

b) D. JOSÉ MANUEL GARRIDO MARTÍNEZ. DESESTIMADA. EXPTE. 13280/240.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do xefe de negociado do Servicio de Patrimonio do 26.05.04, conformado polo xefe de Réxime Interior, o dictame favorable do Consello Consultivo de Galicia, do 12.04.04, e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Patrimonio do 21.04.04, conformado polo xefe de Réxime Interior, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Desestima-la reclamación de D. Jose Manuel Garrido Martínez, por ser indemnizado polos danos, previamente peritados, ocasionados o día 11 de xullo de 1999, como consecuencia da inundación de seu establecemento sito na rúa Ecuador nº 18.

2º.- Comunica-lo acordo ó secretario do Consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 59-1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, e ós efectos do previsto no art (33-l-i) do devandito Regulamento.

13(528).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO DELEGADO DE PERSOAL POLA QUE SE AUTORIZA A REDUCCIÓN DA XORNADA DIARIA A D. DAVID FERNÁNDEZ LÓPEZ POR TER UN FILLO MENOR DE NOVE MESES. EXPTE. 14974/220.

Dáse conta da resolución do concelleiro-delegado de Persoal, do 1.04.04, adoptada de conformidade co informe-proposta emitido polo xefe da Unidade de Persoal, que di o seguinte:

A medio de instancia de data de entrada no Rexistro Xeral 30 de marzo pasado, Don David Fernández López, solicita que se lle conceda redución de xornada a partir do 30 de marzo, por ter un fillo menor de nove meses de idade.

Coa solicitude achega o funcionario certificación da empresa Pórtico S.A., onde traballa a súa dona, na que se fai constar que está a aproveitar dunha baixa por maternidade e que renuncia á redución de xornada por lactación que lle corresponde na súa empresa.

En relación con dita solicitude infórmase o seguinte:

Primeiro.- O artigo 11, apartado a) do Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores do Concello de Vigo establece en relación con este tipo de redución de xornada que poderán facer uso deste dereito o pai ou a nai alternativamente, e sempre que os dous traballen por conta allea, circunstancia que se produce neste caso.

Segundo.- Pola súa banda, o Concelleiro Delegado de Seguridade informa favorablemente a presente redución de xornada.

Por isto, o funcionario que subscribe propón ó Concelleiro Delegado de Persoal, adopte a seguinte Resolución:

“Autorizar a Don David Fernández López, garda da Policía Local, con número de persoal 77028, unha redución da xornada diaria de hora e media, a partir do 30 de marzo de 2004 e ata o 6 de setembro de 2004, ambos inclusive.”

RESOLUCIÓN:

Resolvo consonte ó anterior Informe-Proposta. A presente resolución notifíquese ó interesado, Xefatura do Servicio e empresa onde traballa a cónxuxe; e pase á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.

Acordo

A Xunta de Goberno queda enterada da precedente resolución.

14(529).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO DELEGADO DE PERSOAL POLA QUE SE AUTORIZA A REDUCCIÓN DA XORNADA DIARIA A D^a. MARÍA SIERRA ABRAÍN POR TER UN FILLO MENOR DE NOVE MESES. EXPTE. 14996/220.

Dáse conta da resolución do concelleiro-delegado de Persoal, do 19.04.04, adoptada de conformidade co informe-proposta emitido polo xefe da Unidade de Persoal, que di o seguinte:

A medio de instancia de data de entrada no Rexistro da Unidade de Persoal 12 de abril pasado, Dona María Sierra Abraín, solicita que se lle conceda redución de xornada a partir do 12 de abril, por ter un fillo menor de nove meses de idade.

En relación con dita solicitude infórmase o seguinte:

Primeiro.- O artigo 11, apartado a) do Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores do Concello de Vigo establece este tipo de redución de xornada, que poderán facer uso deste dereito o pai ou a nai alternativamente.

Segundo.- Pola súa banda, o Concelleiro Delegado de Asuntos Sociais informa favorablemente a presente redución de xornada.

Por isto, o funcionario que subscribe propón ó Concelleiro Delegado de Persoal, adopte a seguinte Resolución:

“Autorizar a Dona María Sierra Abraín, Psicóloga adscrita ó Departamento de Benestar Social, con número de persoal 76438, unha redución da xornada diaria de hora e media, a partir do 12 de abril de 2004 e ata o 8 de setembro de 2004, ambos inclusive.”

RESOLUCIÓN:

Resolvo consonte ó anterior Informe-Proposta. A presente resolución pase á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento e notifíquese á interesada, Xefatura do Servicio e Unidade de Persoal.

Acordo

A Xunta de Goberno queda enterada da precedente resolución.

15(530).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA SOBRE GRATIFICACIÓNS POR SERVICIOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO SERVICIO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS DO 1º TRIMESTRE DO 2004. EXPTE. 15028/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta das resolucións de Alcaldía en relación co asunto de referencia, que din o seguinte:

a) Resolución do 9 de febreiro de 2004 pola que a Excma. Alcaldesa resolve:

Primeiro.- Procedo por razóns de urxencia a avocación das competencias delegadas na Xunta de Goberno Local na materia obxecto desta resolución, co obxecto de proceder regularmente ó pago mensual das retribucións dos empregados públicos que se relacionan no expediente, dando conta a Xunta de Goberno Local ó obxecto de seu coñecemento, todo isto de conformidade co disposto nos artigos 13.6 e 14 da Lei 30/92 de 26 de novembro.

Segundo.- Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de gratificación por servicios especiais e extraordinarios correspondentes ó mes de XANEIRO 2004 prestados polo persoal do servicio de Extinción de Incendios, aboarase os traballadores que figuran na relación que se achega e que comenza por Don Carlos Abalde Fernández e remata por Don José B. Villaverde Veleiro, as cantidades que figuran para cada un deles, e que ascenden a un total de 28.854.70 €, (VINTE OITO MIL OITOCENTAS CINCUENTE E CATRO EUROS CON SETENTA CÉNTIMOS).

A Xunta de Goberno queda enterada.

b) Resolución do 5 de marzo de 2004 pola que a Excma. Alcaldesa resolve:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de gratificación por servicios especiais e extraordinarios correspondentes ó mes de FEBREIRO 2004 prestados polo persoal do servicio de Extinción de Incendios, aboarase os traballadores que figuran na relación que se achega e que comenza por Don Carlos Abalde Fernández e remata por Don José B. Villaverde Veleiro, as cantidades que figuran para cada un deles, e que ascenden a un total de 28.608'46 €, (VINTE OITO MIL SEISCENTOS OITO EUROS CON COARENTA E SEIS CÉNTIMOS)

A Xunta de Goberno queda enterada.

c) Resolución do 5 de abril de 2004 pola que a Excma. Alcaldesa resolve:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de gratificación por servicios especiais e extraordinarios correspondentes ó mes de MARZO 2004 prestados polo persoal do servicio de Extinción de Incendios, aboarase os traballadores que figuran na relación que se achega e que comenza por Don Carlos Abalde Fernández e remata por Don José B. Villaverde Veleiro, as cantidades que figuran para cada un deles, e que

ascenden a un total de 29.599'71 €, (VINTE NOVE MIL CINCOCENTOS NOVENTA E NOVE EUROS CON SETENTA E UN CÉNTIMOS).

A Xunta de Goberno queda enterada.

16(531).- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA REVISIÓN, COMPROBACIÓN E ACTUALIZACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL ADXUDICADO A SOLOPLAN S.L. EXPTE. 14369/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Réxime Interior, do 12.04.04, sobre o asunto de referencia, que di o seguinte:

ANTECEDENTES.-

A efectos do presente informe-proposta de resolución contractual, indícase que o expediente trae causa do expediente de contratación de asistencia técnica para a comprobación, revisión e actualización do inventario municipal de bens e dereitos e formación do inventario separado do patrimonio municipal do solo na súa reunión do 16.9.2003 formulou a seguinte proposta á Comisión Municipal e por acordo da Comisión de Goberno de 21.12.2001 a adxudicación do contrato recaeu na empresa "SOLOPLAN, S.L.", S.L. nas condicións contidas no dito acordo, se ben no apartado nº 4 da formalización en documento administrativo aínda que se fai constar que o prazo é de 12 meses, por tratarse un erro material que se constata en vista da oferta do adxudicatario que mellorou o prazo reducindo a once meses en lugar de dous o que comporta que o vencemento do contrato é o 31 de decembro de 2002, en lugar do 31 de xaneiro de 2003 tal como resultaría do clausulado da dita formalización do contrato.

A Comisión de Seguimento da execución do contrato constituída o 31 de maio de 2002, na súa reunión do 16.9.2003 formulou a seguinte proposta a Comisión Municipal de Goberno:

“Primeiro.- Aprobar y ratificar, en sus propios términos, el acta de la reunión de la Comisión de Seguimiento de 16 de setiembre de 2003.

Segundo.- Incoar expediente administrativo de resolución del contrato de Asistencia Técnica para la comprobación, revisión y actualización del Inventario Municipal de Bienes y Derechos y la formación del Inventario separado del Patrimonio Municipal del Suelo, concertado con la empresa “SOLOPLAN, S.L.”, por incumplimiento, por dicha empresa, de sus obligaciones contractuales al no haber ejecutado los trabajos concertados en el plazo total fijado para su realización en el contrato.

Tercero.- Dar traslado del acuerdo de incoación a los Servicios Municipales correspondientes, así como a la empresa contratista “SOLOPLAN, S.L.”, otorgándole un plazo de diez días naturales a partir del siguiente a la recepción de la notificación del acuerdo de incoación para que puedan formular las alegaciones y presentar la documentación que en defensa de sus derechos tenga por conveniente.” A Comisión de Goberno en data 20.10.2003 aprobou por unanimidade a dita proposta da Comisión Municipal de Goberno.

A empresa adxudicataria "SOLOPLAN, S.L.", en escrito de 24.11.2003 nº de entrada en rexistro 30103107, formula alegacións que en resume concréntanse:

- a) *Que é incerto que se incumpriron os requirimentos que lle foron feitos pola Comisión de Goberno, se ben erroneamente a referencia tiña que se facer a Comisión de Seguimento de 16.9.2003, que foi a que deceidiu propoñela resolución contractual a Comisión de Goberno.*
- b) *Que non existiu incumprimento constante pola empresa adxudicataria das súas obrigas e polo menos que lle sexan imputables exclusivamente a ela; que non se produciu "mora", xa que logo a tardanza foi motivada pola non achega da documentación por parte das diferentes dependencias da Administración Municipal; que non se estableceu un criterio para efectualas valoracións dos bens e que mediaron circunstancias sobrevidas con motivo da promulgación da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e de protección do medio rural de Galicia.*
- c) *Que o contrato entendeuse tacitamente prorrogado por ámbalas duas partes contratantes pola necesidade de reaxuste dos termos contractuais.*
- d) *Que a execución do contrato realizouse conforme ó clausulado contractual; que se puxeron a disposición da Administración os medios humanos e materiais de obrigado cumprimento, incluso incrementándoos.*
- e) *Que se obstaculizou a entrada do persoal da contrata ás dependencias municipais para a continuación dos traballos, o que supón un aproveitamento para a administración municipal, incluídos os equipos e materiais de pertenza do contratista.*
- f) *Interesa a práctica de proba conforme os artigos 80 e 81 da Lei 30/1992.*
- g) *Invoca o artº 1258 do C.cv; que non se lle comunicou a extinción do contrato e invoca así mesmo o artigo 1124 do C.cv en relación cos cumprimentos contractuais e conclúe dicindo que de prosequilo procedemento incoado de cara a prosequilo procedemento de resolución do contrato, estaríase ante un suposto desestimento ou rescisión unilateral cos efectos que elo comportaría.*

Á vista das alegacións feitas pola empresa e tomando en consideración os datos, informes, resolucións, requirimentos obrantes no expediente que se instrúe resulta:

1.- Que os requirimentos efectuados ó contratista obedeceron única e exclusivamente a incumprimentos contractuais en especial ó prazo de vencemento da asistencia técnica xa que o termo final extinguíase o 31 de decembro do ano 2002 e por outra banda outros incumprimentos contense nas actas da Comisión de Seguimento das datas: 11.9.2002; 10.2.2003; 19.5.2003; 3.7.2003 e 16.9.2003, reunións as que tamén asistiron representantes da empresa coñecedores polo tanto das consideracións, análises e decisións adoptadas, ratificadas nalgunhas das actas pola Comisión de Goberno, segundo consta na documentación achegada ó expediente.

2.- En relación coa manifestación de non ter mediado por parte da empresa incumprimento continuo das obrigas contractuais e demais extremos recollidos no apartado letra b) precedente, rexéitanse, xa que logo a mora na contratación administrativa non precisa de intimación algunha, toda vez que o contratista ten a obriga de cumprilo contrato dentro de prazo establecido que se ben inicialmente estableceuse nos pregos de condicións en doce meses, o contratista adxudicatario mellorouno reducíndoo nun mes, extremo este que foi obxecto de valoración

como criterio de adjudicación das ofertas (artº 95 do R.D. Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas e 98 do vixente Regulamento de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por R.D. 10/98, de 12 de outubro de 2001), segundo este último precepto non é viable a ampliación do prazo ó órgano contratante pola resolución contractual e non pola imposición de penalidades. Rexéitase así mesmo a manifestación do empresario relativa a que existe unha prórroga tácita, as prórrogas tácitas en absoluto son permisibles na normativa de contratos das Administracións Públicas agás en supostos concretos en que o atraso foxe producido por motivos non imputables ó contratista, circunstancia esta en absoluto aplicable ó presente suposto (nº 2 do artº 96 do citado R.D. Lexislativo 2/2000).

3.- Carece de relevancia a manifestación do contratista de ter observado o clausulado contractual e de ter posto a disposición da Administración os medios humanos, equipos e materiais, debido a que aínda que nos pregos de condicións se determinou unha existencia mínima en número e cualificación empresarial para a execución das prestacións, isto en modo algún pode eximir sen minorar a responsabilidade contractual do adjudicatario, xa que a obriga principal del é a de realizalas prestacións do contrato integramente pola súa conta tendo que dispoñer do persoal necesario e medios materiais, xa que o contrato concertado é un contrato de resultado. Respecto a alegación de que o Departamento de Patrimonio lle obstaculizou a entrada do persoal da contrata ás dependencias municipais tal como se lle comunicou ó contratista (escrito do Concelleiro-Delegado de 23.1.2004) obedeceu tal evento a unha circunstancia singular e illada motivada pola necesidade de efectuar unhas operacións técnicas nos servizos informáticos do Departamento non podendo, como pretende o contratista darlle a consideración de “suspensión do contrato”.

Respecto ó que solicita sobre recibimento a proba, o informante remítese ó posterior escrito do contratista de 8.1.2004 nº documento de entrada en Rexistro 40001349 e o decreto de 17.12.2003 os que se fará referencia seguidamente.

4.- En relación a alegación contida no apartado terceira e cuarta do escrito do alegante a referencia ó artº 1258 do C.cv descoñece o informante tal invocación da normativa privada nin sequera como lexislación supletoria xa que a perfección dos contratos administrativos prodúcese coa adjudicación definitiva por acordo do órgano municipal competente, neste caso, a Comisión municipal de Goberno e a súa execución rexese pola Lei de Contratos, disposicións de desenvolvemento da mesma e polo prego de cláusulas administrativas e técnicas particulares neste suposto artº 94 do referido R.D. Lexislativo 2/2000, sorprendendo a manifestación de que o contratista ten dúbida respecto si as prestacións realizadas se axustan ou non as prescricións establecidas, xa que reiteradamente lle consta os incumprimentos, demoras, erros, etc. a través das reunións da comisión de Seguimento nas que estivo presentada a empresa, sendo de sinalar que o incumprimento máis grave é de non ter rematado e entregados os traballos ó 31.12.2002 e polo tanto sorprende que no seu escrito de 21.11.2003 lle ofrezca dúbida ó contratista sobre o cumprimento contractual.

O artº 1124 do C.cv non pode ser de aplicación debido a que segundo se establece no primeiro parágrafo, que a facultade resolutoria das obrigas enténdese implícita nas recíprocas, circunstancia que non concorre no presente suposto porque é unicamente o contratista quen incumpriu e non a Administración contratante, xa que para que procedese tal facultade tería que o Concello incorrer en incumprimento, o que non é o caso, aducindo amais que tal precepto –1124– non resulta de aplicación alomenos plena xa que non se probou, como xa se dixo incumprimento algún por parte do órgano municipal, xa que non fixo alegacións en tal sentido e menos as acreditou.

Indicar que no que respecta a Administración municipal contratante, a través do órgano competente – Comisión de Goberno– non lle resulta de aplicación o referido artº 1124 do C.cv senón a normativa contractual

administrativa na que os supostos de resolución contractual reenvíanse ó artº 111 da Lei de Contratos das Administracións Públicas e preceptos sucesivos cos efectos que para cada suposto legalmente se prebe nos ditos preceptos e nos regulamentarios do R.D. 1098/2001.

Por decreto do Concelleiro-Delegado de Patrimonio en data 17.12.2003 outorgóuselle ó contratista prazo de 10 días naturais para que este puidera formular proposición de proba a practicar no prazo legalmente establecido e a tales efectos en escrito de 8.1.2004 nº doc. 40001349 de entrada en Rexistro Xeral, propuxo as de natureza documental e testifical e co alcance que para cada unha se determina no dito escrito, especificando os extremos polos que se pretende a acreditación do que lle interesa.

Por resolución do Concelleiro-Delegado de Patrimonio de data 19.1.2004 unicamente se admiten a práctica da proba consistente na incorporación ó expediente da totalidade das actas de datas 30.5.2002; 11.9.2002; 12.2.2003 e 19.5.2003 da Comisión de Seguimento do contrato de asistencia técnica (apartado letra a) do nº 1) e do escrito referido rexéitanse o resto das probas propostas polos motivos que en cada caso constan no apartado segundo do Decreto do Concelleiro-Delegado de Patrimonio de data 19.1.2004, achegado ó expediente.

Contra a resolución do Concelleiro-Delegado de 19.1.2004 xa referida, a empresa interpón recurso administrativo invocando, en síntese, como fundamento de carácter procedimental o artº 107 da Lei 30/1992 e o artº 25 da Lei 29/1998 reguladora da xurisdicción contenciosa administrativa e outras de orde substantivo, argumentando que a resolución incorre en nulidade absoluta; mantén a súa petición e aduce o que tivo por conveniente en relación coa práctica das demais probas interesadas no seu escrito de referencia e conclúe se emita a certificación no seu día interesada en tódolos extremos que concretou e conseguintemente e suscita se rectifique a resolución do Concelleiro de data 23.1.2004.

A empresa “SOLOPLAN, S.L.” en escrito de entrada en Rexistro Xeral o 20 de febreiro de 2004 nº documento 40017639 di que durante os días 2, 3 e 4 de febreiro de 2004 persoal da empresa non puido reinicialas tarefas propias do contrato adxudicado, constatando modificacións e alteracións substanciais en diversos epígrafes do inventario xeral de bens e dereitos e no separado do patrimonio municipal do solo. O arquitecto municipal emite informe e nel precisa que segundo se deixou constancia en reunións sucesivas, da Comisión de seguimento ponse de manifesto a total falta de rigor profesional tanto en dar cumprimento ós traballos adxudicados conforme os pregos de condicións así como polo contido das fichas efectuadas e presentadas con multitude de erros que, no seu criterio, débense a descoñecemento, desidia e falta de metodoloxía e segue dicindo que sorprende a manifestación da non coincidencia entre os datos obrantes nos tomos impresos e os obrantes no programa informático e que resulta difícil atopar no seu “amago de inventario” algunha páxina gráfica ou ficha de características que non conteña algún erro de vulto.

Outorgado trámite de audiencia polo xefe de Patrimonio previamente á proposta de resolución contractual polo prazo de 10 días naturais, durante o mesmo a empresa adxudicataria formula as alegacións que estimou convenientes e que en resume, concréntanse ós extremos que se indican:

Considera inexactos os feitos que motivan a resolución do contrato polos motivos que se indican:

- a) Que é incerto que o contratista non cumprimentase o requerimento de 7 de agosto e outros e que se efectuou a entrega dos traballos nos termos ordenados, a falta unicamente de certos axustes non esenciais –apreciación do contratista–.*

- b) *Que non mediou incumprimento constante nin que se debera a causas imputables única e exclusivamente ó adxudicatario; que non existiu atraso, xa que dispón de xustificación que o mesmo débese e elle imputable á Administración pola tardía achega da documentación, falta de criterio nas valoracións e a promulgación da Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia que sobreveu con posterioridade a adxudicación.*
- c) *Que o adxudicatario entendeu que se lle tiña outorgado na prórroga tácita, co que amais podería supoñer unha modificación contractual en mais un 20% do prezo do contrato.*
- d) *O contratista realizou as prestacións contractuais segundo interpretación da Administración, e que nunca se cuestionou a calidade técnica dos traballos e que incrementou os medios humanos e materiais.*
- e) *Que se incrementaron os medios humanos e materiais.*
- f) *Que a Administración obstaculizou a realización dos traballos impedindo o acceso ás dependencias municipais e que tal comportamento considérase como un aproveitamento indebido por parte da Administración.*
- g) *Baixo a denominación de alegación segunda e terceira, reitera o xa dito en escrito anterior en relación ó decreto do Concelleiro-Delegado de Patrimonio de data 12.1.2004, dispoñendo a práctica das probas, co que de novo amosa a súa desconformidade e na terceira alegación, a parte de ser unha repetición do xa anteriormente manifestado con algún engadido reclama a obriga de resolvelo recurso interposto que a empresa denomina recurso ordinario.*
- h) *Na alegación cuarta e quinta volve a invocar o artº 1124 do C.cv e advirte que de continuar o procedemento resolutorio do contrato, comportaría unha rescisión anual unilateral decidida pola Administración e que, de producirse o seu favor proporcionaríalle efectos favorables e remata dicindo que o expediente non contén proposta de liquidación, interesando todo elo se proceda conforme ás alegacións deducidas.*

A proposta de resolución trae causa de demora do prazo contractual que venceu o 22 de decembro e 2002, e non obstante non ser preciso debido a que o coñecía o contratista de tal circunstancia deixou constancia nas reunións da Comisión de seguimento ás que asistía persoa representando á empresa:

O prego de prescricións técnicas na condición, XI estableceuno como máximo en doce meses, reducido a 11 pola redución proposta pola empresa e no prego de cláusulas administrativas particulares no nº 5 fixou o prazo máximo coincidente co de prescricións técnicas. Neste último igualmente entre as obrigas figura no nº 18-1º a) a de executar os traballos na forma, tempo e condicións establecidas esixidas no presente prego e na nº 19, 2.1 a) considera falta moi grave a paralización ou non prestación dos traballos e a interrupción do mesmo prevíndose para as faltas moi graves a resolución do contrato ou a imposición de sanción económica, se ben a elección corresponde ó órgano contratante.

Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, no artº 95.l, establece o contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva e no nº 2 preve que a constitución en morda do contratista non precisará intimación previa por parte da

Administración. No nº 3 do mesmo precepto legal, contempla alternativamente respecto a mora no cumprimento do prazo total, optar indistintamente pola imposición e penalidades ou pola resolución do contrato e no presente expediente danse polo tanto os requisitos que lexitiman a resolución daquel, debido a que como se puxo de manifesto sobradamente no expediente, a demora obedeceu exclusivamente a conducta e comportamento negligente do contratista tendo en conta ademais que o prazo foi sobrepasado dende o seu vencemento –31.12.2002- e non é legalmente admisible a pretensión do adxudicatario pretendendo xustificarse no que el denomina “prórrogas tácitas” xa que comportaría deixalas ó seu arbitrio nin tampouco a mera tolerancia unha vez vencido o prazo constitúe obstáculo algún para poder optala Administración en calquera intre pola resolución e incluso a posibilidade de aceptalas prórrogas estaríalle vedado a Administración contratante, de non correren causas que o xustifiquen, xa que logo poderían constituír vulneración dos dereitos doutros concursantes que tomaron parte no procedemento licitatorio.

Non resulta aplicable ó presente expediente –como resulta claro- a previsión co nº 2 do artº 96 do mesmo texto legal a teor do cal unicamente sería viable o outorgamento de prórrogas polo tempo perdido ou outro menor a condición de que o atraso non fose imputable ó contratista e este ofrecese cumprilos seus compromisos.

O artº 111 do Real Decreto 2/2000 determina como causa de resolución a demora no cumprimento dos prazos por parte do contratista –apartado letra d)- e anuda como efecto –apartado 4 do artº 113-, que a resolución por incumprimento culpable do contratista, lle será incautada a garantía e deberá, ademais, indemnizar á Administración os danos e perdas ocasionados no que excedan do importe da garantía incautada, completándose o texto no dito apartado 4, co nº 5, que esixe pronunciamento expreso respecto a procedencia ou non da perda, devolución ou cancelación da garantía constituída.

Procedimentalmente, no que atinxe á proposta de resolución do expediente incoado, por tratarse da extinción contractual son de observalos seguintes preceptos legais e regulamentarios:

1.- A competencia resolutoria corresponde á Xunta de Goberno Local conforme ó disposto no artº 127 da Lei 57/2003, de 16 de decembro, que a ten atribuída e que substitúe a do órgano contratante, Comisión de Goberno.

2.- Que en virtude do artº 59 do citado Real Decreto Lexislativo 2/2000 para o suposto de adopción de acordos que poñan fin á vía administrativa, neste caso resolución do contrato concertado, é preceptivo ó abeiro do apartado letra b) do nº 3 correspondendo emitilo con tal carácter ó Consello Consultivo de Galicia, xa que logo o contratista formula oposición á resolución contractual, independentemente da contía que por aplicación da Lei 9/1995 de 10 de novembro do Parlamento de Galicia pola que se crea o Consello Consultivo de Galicia, no artº 11 establece a consulta preceptiva para expedientes de nulidade, interpretación e resolución dos contratos administrativos na forma establecida na Lei de Contratos, precisando no artº 12 que a solicitude do dictame corresponde ó presidente da Entidade Local.

No procedemento que nos ocupa son salientables por considerarse relevantes os seguintes trámites:

- a) Acordo de incoación do expediente de resolución contractual segundo acordo da Comisión de Goberno de 20.10.2003 notificado ó contratista en data 13 de novembro.*
- b) Escritos de alegacións do contratista de 20.12.2003 entrada en Rexistro Xeral nº documento 30114413.*
- c) Resolución do Concelleiro-Delegado de Patrimonio de data 19.1.2004 sobre admisión e práctica de proba pedida polo contratista.*

- d) *Escrito do contratista de 24. De novembro (nº 30103107 de rexistro xeral), formulando alegacións ó acordo da Comisión de Goberno de 20.12.2003.*
- e) *Recurso administrativo (escrito nº 40020059 de 27.2.2004) contra resolución do Concelleiro-Delegado de Patrimonio de data 19.1.2004*
- f) *Escrito de alegacións de 2.3.2004, nº de entrada en rexistro xeral 40021570, presentado en trámite de audiencia que lle foi outorgado.*

En consideración ós escritos, datos e informes de feito incorporados ó expediente e os razoamentos de dereito, especialmente os contidos no presente informe-proposta, proponse á Xunta de Goberno Local acorde, previo así mesmo os informes preceptivos do Secretario Xeral e da Intervención municipal conforme ó esixido no artº 114-3 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local:...”

Conclúe o informe formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo, conformada pola interventora xeral.

Con data 21.04.04, o titular do Órgano de apoio á Xunta de Goberno local “informa favorablemente a adopción do acordo de resolución do contrato por incumprimento do prazo, previo dictame do Consello Consultivo de Galicia, proposto no informe do xefe da Área de Réxime Interior de data 12.04.04”.

Acordo

A Xunta de Goberno, de acordo co informe do xefe da Área de Réxime Interior, acorda:

1º.- Resolve-lo contrato de asistencia técnica para asistencia técnica a revisión, comprobación e actualización do inventario municipal de bens e dereitos, e formación do inventario municipal de bens e dereitos e formación do inventario separado do Patrimonio municipal do Solo adxudicado á empresa “SOLOPLAN, S.L.”, por acordo da Comisión Municipal de Goberno de data 21 de decembro de 2001 por incumprimento do prazo contractual polo contratista vulnerado o mesmo ó transcorrer con exceso o 31 de decembro de 2002, data límite que o contratista tiña a obriga de observar conforme ó que resulte do expediente instruído.

2º.- Dispoñe-la perda da garantía definitiva constituída, mediante aval da Caixa de Aforros e pensións de Barcelona por importe de 6.010'12 € (Rexistro especial de abaleo nº 9340.03.0352512-19.

3º.- Comunicar ó Rexistro Público de contratos a resolución contractual cumprimentando os datos que para o contrato de servizos se contén no apartado II, nº 19 do Anexo IX ó Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado polo Real Decreto 1098/2001.”

A presente proposta de acordo ten carácter provisorio, sen prexuízo de interesar do Consello Consultivo de Galicia o seu dictame preceptivo e non vinculante .

17(532).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE A D. JUAN A. BARREIRO VILA POR DIFERENCIA DE FUNCIÓN (PRIMEIRO TRIMESTRE DO 2004). EXPTE. 14997/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe favorable o técnico de Intervención do 21.04.04, conformado pola interventora xeral, dáse conta do informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 13.04.04, que di o seguinte:

Antecedentes.

Con data de entrada no Rexistro xeral do Concello de 7 de abril de 2004, o traballador D. Juan A. Barreiro Vila, oficial de mercados destinado no servizo de informática, solicita se lle aboan as diferencias retributivas existentes entre os complementos de destino e específico asignados ó seu posto de traballo - oficial de servizos internos , CD 15 e CE 53 - e os correspondentes a un posto de operador de informática - CD,17 e CE 41 -, referidas ó período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2004 e o 31 de marzo de 2004.

A petición formulada, de ser estimada, suporía o recoñecemento dunha diferenza retributiva a favor do traballador de 322,14 euros referentes ó período comprendido entre os meses de xaneiro a marzo – inclusive – de 2004 (149,31 euros de diferenza no CD e 172,83 euros de diferenza retributiva no CE).

Fundamentos legais .

Polo que respecta ós fundamentos legais que xustifican a pretensión do traballador, cumpre salientar que esta cuestión xa foi dilucidada por Sentencia do xulgado do social nº.1 de Vigo de 8 de maio de 2000, incorporada ó expediente persoal do traballador, na que se lle recoñecía o dereito ás diferencias retributivas existentes entre ámbolos dous postos, con fundamento no artigo 39.4 do E.T, e mentres realice as mesmas funcións que as dun operador de informática.

A pretensión instada polo traballador encontraría igualmente acollida no concepto de produtividade, ó presumirse un rendemento e dedicación especial no desempeño do posto, ó desenvolver funcións e cometidos que a meritada sentenza considera como alleos ó posto do traballador.

Por todo o exposto, e previa fiscalización e consignación do gasto pola Intervención xeral, someteríase á Xunta local de Goberno a seguinte proposta:

“Recoñecer e aboar ó traballador D. Juan A. Barreiro Vila, con cargo á partida de produtividade, a cantidade de 322,14 Euros , polas diferencias retributivas existentes entre os complementos específico e de destino asignados ó seu posto de traballo e os asignados ó posto de operador de informática, correspondentes ó período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2004 e o 31 de marzo de 2004“.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

18(533).- APROBACIÓN DEFINITIVA DO PROXECTO DE URBANIZACIÓN DA U.E. DO PERI 5 PARADELA 1-TEIS . EXPTE. 4196/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe proposta do técnico de Admón. Xeral do servizo de Planeamento e Xestión da Xerencia municipal de Urbanismo, do 13.04.04, que di o seguinte:

1.- En data 31/07/1997 o Pleno do Concello acordou: "Aprobar definitivamente o PERI 5 Paradela 1, formulado por D. Antonio David Novoa García e redactado polos arquitectos Pena Fernández e Sáez Silva, con documentación visada polo COAG o 26 de febreiro e 4 de novembro de 1996 (...)" -expte. 3496/411-.

No 29/05/2000 o Pleno do Concello acordou: "Aprobar definitivamente o Estudio de Detalle da U.E. 1 PERI 5 Paradela (Teis), conforme á documentación presentada por D. Antonio David Novoa García en datas 29 de setembro, 3 e 10 de decembro de 1997, redactada polos arquitectos D. Javier Pena Fernández e D. José Luis Saez Silva e visada polo COAG en datas 19 de agosto e 10 de decembro de 1997" (expte. 4529/411). No Anexo I da Memoria do Estudio de Detalle precisouse que: "En base a la indicación contenida en el informe de la Demarcación de Carreteras del Estado en Galicia de fecha 5-11-97 los proyectos que se redacten de la Vía de Servicio, Zona de Giro y en su caso de la Estación de Servicio, deberán ser objeto de autorización previa por parte del referido organismo (...). El uso de la Gasolinera y su autorización quedará condicionada a la tramitación de los oportunos expedientes según la legislación sectorial, de protección ambiental y de actividades molestas, insalubres, nocivas y peligrosas".

No 03/08/2000 o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo acordou: "Aprobar definitivamente o Proxecto de Compensación da U.E. 1 do PERI 5 Paradela-Teis (...) de propietario único e con visados do COAG de datas 7 de febreiro e 19 de maio de 2000".

2.- En data 11/02/2000 D. David Novoa García interpuxo nesta Administración municipal solicitude de tramitación e aprobación do Proxecto de Urbanización do devandito polígono, que foi complementada mediante outra documentación presentada nos días 16/03/2000, 12/05/2000 e 21/06/2000.

3.- No 14/04/2000 o Enxeñeiro industrial municipal emitiu sendos Informes en senso favorable, se ben esixindo a cumplimentación de certos requisitos durante a execución das obras de urbanización.

No 02/06/2000 e 25/06/2002 a Demarcación de Carreteras del Estado en Galicia do Ministerio de Fomento expediu sendos Informes desfavorables en relación ó acceso do ámbito á estrada nacional N-552.

No 17/07/2002 o enxeñeiro técnico municipal de obras públicas emitiu outro Informe ó respecto, incidindo na correspondencia do Proxecto de Urbanización co planeamento aplicable, se ben matizando que:

"(...) La demora en la continuación de la tramitación de este expediente tiene su origen en un escrito de la Demarcación de Carreteras del Estado en Galicia que tiene su entrada en este Ayuntamiento el 9 de Junio de 2000. En este escrito se vincula el informe favorable a este Proyecto a la presentación del Proyecto de la gasolinera, y al

cumplimiento de esta y sus accesos a la normativa sectorial. En este orden de cosas, y requeridos por la Propiedad para la continuación del expediente de referencia, hay que recordar que un Proyecto de Urbanización no tiene como contenido el fijar los usos del suelo (cometido del PERI informado favorablemente por Carreteras del Estado el 20 de Mayo de 1997).También el Estudio de Detalle que desarrolla esta Unidad de Ejecución fue informado favorablemente por ese mismo Organismo el 5 de Noviembre de 1997, donde ya hacen mención a que la estación de servicio y sus accesos tendrán que contar con informe favorable expreso. Pues bien, este Proyecto de Urbanización solo contiene las determinaciones que le son conferidas por la legislación del suelo, por lo que vincular su tramitación a un proyecto específico de una instalación prevista en el PERI, y que por supuesto deberá ajustarse a la normativa sectorial correspondiente, sería como esperar a la presentación y ajuste a su normativa de los proyectos de edificación, cuya situación está expresamente informada favorablemente por el organismo estatal (...)"

No 29/07/2002 o técnico de administración xeral emitiu Informe xurídico ó respecto.

4.- En data 01/08/2002 o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo acordou aprobar inicialmente o devandito Proxecto de Urbanización, con certos condicionantes. A continuación abríuse un trámite de información pública polo prazo dun mes, mediante publicación de anuncios no DOG núm. 215, do 07/11/2002 e no diario Faro de Vigo do 13/09/2002, así como notificación individualizada ós propietarios afectados. Durante dito período non se interpuxo ningún escrito de alegacións.

5.- No 12/03/2003 o Ministerio de Fomento emitiu un novo Informe, ratificándose no exposto nos seus anteriores Informes antes citados.

No 14/04/2003 o representante da entidade mercantil promotora presentou no Ministerio de Fomento solicitude de Informe sobre o Proxecto de Urbanización, cun plano rectificado visado polo COAG no 11/04/2003.

No 11/06/2003 o Ministerio de Fomento emitiu outro Informe ó respecto, en senso favorable. No 18/06/2003 o técnico de administración xeral da oficina municipal de planeamento emitiu Informe xurídico ó respecto. No 12/04/2004 tivo entrada no Rexistro da Xerencia de Urbanismo un novo Informe da Demarcación de Carreteras del Estado, ratificándose no anterior, sempre e cando o acceso do polígono se efectúe a traveso da vía de servicio prevista no PERI aprobado.

En data 12/04/2004 o enxeñeiro técnico municipal de obras públicas emitiu un Informe ó respecto, no que manifestou o seguinte:

"En relación con la ampliación de informe de la Demarcación de Carreteras del Estado en Galicia de 31 de marzo de 2004, y teniendo presente el de fecha 11 de junio de 2003, se entiende autorizada la construcción de la vía de servicio incluída entre las obras del proyecto de referencia, desde la cual se accederá al aparcamiento colindante con el cementerio de Teis, y a las viviendas futuras. Insistiendo en la dirección que marcan los informes del mencionado departamento ministerial, el acceso a la futura urbanización se hará a través de la vía de servicio, la cual es expresamente autorizada por lo que a mi juicio procede la aprobación definitiva del Proyecto de Urbanización".

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I.- O procedemento de aprobación do Proxecto de Urbanización presentado correspóndese co previsto no Art. 44.3 Lei 1/1997, do 24 de marzo, do Solo de Galicia, ó que se remite a Disp. Trans. Novena Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia (LOUGA).

Tal e como sinala o enxeñeiro técnico municipal nos seus referidos Informe, o Proxecto de Urbanización axústase ó disposto nos Arts. 67 e ss. RD 2159/1978, do 23 de xuño (RPU) e preceptos concordantes, así como no Decreto 35/2000 do 28 de xaneiro e na Lei autonómica 8/1997, do 20 de agosto de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas.

II.- No referente á vinculación dese ámbito coa estrada nacional N-552, a "Demarcación de Carreteras del Estado" emitiu sendos Informes favorables en datas respectivas 11/06/2003 e 31/03/2004, sempre e cando se acceda ó polígono exclusivamente a traveso da vía de servizo recollida no plano núm. 4 do Proxecto de Urbanización (reformado) visado polo COAG no 11/04/2003. Por outra banda, o enxeñeiro técnico municipal, no seu Informe do 12/04/2004 antes transcrito, considerou que procedía aprobar definitivamente este Proxecto na súa última versión.

Sen embargo, como dita vía de servizo carece polo momento de continuidade, debe condicionarse a recepción das obras de urbanización e outorgamento de licencias de primeira ocupación nese ámbito á simultánea execución das obras necesarias para dar saída a ese vial de servizo noutra vía pública en funcionamento, previas as autorizacións que resulten pertinentes.

III.- A propiedade do ámbito deberá asumir-lo mantemento dos novos espazos libres e verdes cedidos ó Concello, tal e como preceptúa o Apto. 3.2.3.5.b) 'in fine' do vixente PXOU-93 (páx. 28 BOP nº 133, do 14/07/93). As fincas resultantes quedan afectas, na cota de participación correspondente, á carga real de conservación de ditos espazos libres e zonas verdes de nova creación. A tal fin constituirase unha entidade urbanística de conservación.

De conformidade co disposto no Art. 20.2 Lei 9/2002, do 30 de decembro (LOUGA), Apto. 8.8.11.i) PXOU-93 (páx. 78 BOP nº 133 do 14/07/93), e no Informe do Enxeñeiro Técnico Municipal de Obras Públicas do 17/07/2002 antes citado, para poder solicitar licenza de obras antes da finalización e recepción das obras de urbanización, constituírse a correspondente fianza ou aval por importe de 206.493,29 euros (34.357.592 ptas.) equivalente ó 100% do orzamento da obra.

IV.- É competente para adopta-lo Acordo que agora se propón a Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no art. 127 LBRL.

En virtude do exposto, proponse ó Consello da Xerencia, para que á súa vez lle propoña á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte A C O R D O..."

Conclúe o informe formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade co precedente informe, acorda:

1º.- Aprobar definitivamente o Proxecto de Urbanización da U.E. 1 do PERI "5-Paradela 1-Teis", promovido por D. David Novoa García, con memoria e planos asinados polos Arquitectos D. Javier Pena e

D. Luis Sáez, visado polo COAG nos días 11/04/2003 (plano núm. 4), 11/02/2000, 16/03/2000, 12/05/2000 e 16/06/2000. (Expte. 4196/401).

2º.- Para poder solicitar licencia de edificación antes da finalización e recepción das obras de urbanización, deberase constituír previamente fianza ou aval bancario polo importe de 206.493,29 euros (34.357.592 ptas.), en garantía da correcta execución de dita urbanización.

3º.- A conservación das zonas verdes do polígono correrá por conta dos propietarios. A tal fin deberán constituír unha entidade urbanística de Conservación. Esta carga figurará nas licencias de obras que se concedan nese polígono, e deberá inscribirse no Rexistro da Propiedade.

4º.- Este Acordo non exime ó promotor ou titular das obras de acada-las autorizacións das Administracións sectoriais que resulten preceptivas. Do mesmo xeito, non se recibirán as obras de urbanización deste polígono, nin se concederá licencia de primeira ocupación ás edificacións nél executadas, en tanto en canto non se rematen as obras de conexión do vial de servizo previsto neste Proxecto de Urbanización con outra vía pública en funcionamento, coa autorización pertinente.

5º.- Antes do inicio das obras deberá efectuarse un replanteo das mesmas, en coordinación cos técnicos da oficina municipal de "Vías e Obras". Asemade, ó solicita-la súa recepción facilitarase representación planimétrica do realmente executado en soporte informático. Durante a execución destas obras deberá darse cumprimento ó sinalado polos enxeñeiros dos departamentos municipais de Parques e Xardíns e Servizos Electromecánicos nos seus respectivos Informes emitidos neste procedemento.

6º.- Notifíquese o contido íntegro deste Acordo ós propietarios do polígono e á "Demarcación de Carreteras del Estado en Galicia", coa indicación de que contra o mesmo cabe interpor, alternativamente, recurso de reposición ante esta Administración municipal no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses. Publíquese no BOP.

19(534).- INFORME SOBRE ACTUACIÓNS A SEGUIR EN RELACIÓ N CO PERI II-06 CARBALLA, TRALA SENTENCIA RECAÍDA NO R.C.A. Nº 02/6727/1998.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe do técnico de Admón. Xeral do servizo de Planeamento e Xestión da Xerencia municipal de Urbanismo, do 2.04.04, que di o seguinte:

1º.- *O Pleno da Corporación, en sesión de 14 de xaneiro de 1994, aprobou definitivamente o Plan Especial de Reforma Interior II-06 Carballa. No acordo aprobatorio, entroutras disposicións, requiriuse dos promotores do instrumento de planeamento a presentación ante esta Administración municipal dun texto refundido que incluíse, sobre o documento inicialmente aprobado, as modificacións introducidas no acordo de aprobación*

definitiva; texto refundido que foi aprobado por acordo do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo de 6 de xuño de 1997.

2º.- Por acordos do Consello da Xerencia do 6 de xuño de 1997, 18 de xullo de 1997 e 10 de xullo de 1998, requiriuse da Comisión Xestora, constituída para a execución do planeamento aprobado, a convocatoria da correspondente asemblea xeral extraordinaria para a convalidación, cando menos, dos acordos para a constitución da Xunta de Compensación en escritura pública e o acordo de aprobación inicial do proxecto de compensación.

3º.- En sesión do día 28 de outubro de 1998, o Consello da Xerencia de Urbanismo, acordou aproba-las escrituras públicas outorgadas ante os notarios desta cidade Sres. Rueda Pérez e Somoza Sánchez, de ratificación da acta de constitución da Xunta de Compensación do Polígono Carballa, protocolizada o día 19 de agosto de 1994 polo notario de Vigo, don Gerardo García-Boente Sánchez, ó número 2.282 de orde do seu protocolo, dando así por cumprimentados os devanditos acordos. No mesmo acordo ordenouse, tamén, a suspensión da tramitación do proxecto de compensación presentado por ser absolutamente imprescindible para continuar coa súa tramitación a previa expropiación de todos aqueles terreos incluídos no ámbito do PERI, os propietarios dos cales non outorgaron a correspondente escritura de ratificación a instancia e en beneficio da Xunta de Compensación, tal e como se fundamenta na parte expositiva do citado acordo.

4º.- Interposto recurso contencioso-administrativo --o número 02/6727/1998-- pola "Asociación de Propietarios e Veciños da Carballa" contra os devanditos acordos, a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, por sentenza --devida firme-- de 27 de marzo de 2003, resolveu inadmitilo mesmo en canto que dirixido contra os acordos municipais de 14 de xaneiro de 1994, polo que se aprobou definitivamente o PERI II-06 Carballa; de 6 de xuño de 1997, polo que se aprobou o seu texto refundido; de 10 de xullo de 1998, sobre execución do de 6 de xuño de 1997, de convalidación da constitución da Xunta de Compensación e contra a desestimación presunta do recurso ordinario formulado pola actora o 19 de agosto de 1998 contra a aprobación do citado Texto Refundido e contra o acordo de 10 de agosto de 1998, estimándoo en canto que dirixido contra o acordo de 28 de outubro de 1998, de aprobación municipal das referidas escrituras públicas de ratificación, como acto de aplicación do PERI II-06 Carballa, en base á consideración como reserva de dispensación no plan especial da exclusión da edificabilidade consolidada do seu ámbito.

5º.- Con data 20 de febreiro de 2004, D. José Luis Quiroga Souto, en nome da Xunta de Compensación do PERI II-06 Carballa, tras afirma-la responsabilidade municipal dos danos e prexuízos sufridos polos membros da dita xunta de compensación como consecuencia da situación exposta, solicita se informe á mesma sobre os trámites, actuacións e procedementos que esta Administración municipal pretende seguir para solucionar-la situación creada pola firmeza da sentenza citada no apartado anterior.

En contestación a esta solicitude emítese o seguinte

INFORME

I.- O vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo, definitivamente aprobado o 29 de abril de 1993, delimitou entre as rúas Fragoso, Florida, Eugenio Kraft e Camiño Espedrigada a área remitida ó plan especial de reforma interior que nos ocupa, coa denominación PERI II-06 Carballa.

A ficha aprobada polo plan xeral para a dita área fixa a súa superficie en 118.915 m² --118.947 m², segundo medición efectuada pola oficina municipal de cartografía-- e establece, entroutras determinacións, unha edificabilidade media para o ámbito de 1,66 m²c/m²s.

II.- É o caso que este ámbito inclúe, nas súas zonas de borde, un bo número de edificacións que, de acordo cos obxectivos da reforma sinalados na devandita ficha, integran zonas consolidadas a completar coa nova edificación. A superficie ocupada por estas edificacións existentes a conservar é de 32.785 m² e os aproveitamentos urbanísticos consumidos polas mesmas é de, aproximadamente, 144.744 m² contruidos.

III.- As ordenanzas do Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo, recollendo os criterios da Lei do solo de 1956 e do Regulamento de reparcelacións de 1966, establecen, nos seus apartados 3.2.3.5.c) e 3.2.4, respectivamente, que: "Nas figuras de planeamento secundario que se desenvolvan (en especial PERIS), excluíranse do seu desenvolvemento e xestión as edificacións existentes ou en construción de acordo coa licencia, situadas nos bordes dos mesmos e con fronte a viarios principais, aplicándose a efectos de xestión os avais constituídos polos mesmos" e que "Na memoria xustificativa do respectivo planeamento secundario, estudarase a edificación preexistente así como a súa ocupación e o réxime da mesma, propoñendo ó efecto a súa subsistencia ou renovación, non computándose a mesma a efectos de edificabilidade e sí os de densidade máxima".

IV.- Non obstante e segundo o xa dito, a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia na sentenza antes referida declarou que a exclusión da edificabilidade existente nos ámbitos remitidos a planeamento secundario, "indiscutible e expresamente admitida --no presente caso-- pola Administración e a coadxuvante", constitúe unha reserva de dispensación, prohibida polo artigo 56.2 da Lei do Solo de Galicia; razón, pola que tal previsión do PXOU foi anulada en vía xurisdiccional.

Ainda que esta sentenza anula un acto aplicativo do PERI II-06 Carballa, en base a un vicio de nulidade do plan especial, e non directamente o propio plan especial o certo é que calquera outro acto de aplicación deste plan especial que eventualmente se dicte poderá ser impugnado con éxito e, xa que logo, anulado con fundamento na doutrina xurisdiccional exposta; de aquí que se presente como inexcusable a corrección da dita deficiencia nesta figura de planeamento.

V.- De acordo coa expresada doutrina xurisprudencial do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia a edificabilidade máxima aprobada polo Plan Xeral de Vigo para o ámbito da Carballa será a de 197.452,02 m² construídos (118.947 x 1,66 m²s/m²c) e a correspondente a solos vacantes, ou ocupados por edificacións a demoler, a de 52.708,02 m² construídos (aproveitamento que resulta de restar ós 197.452,02 m² de superficie construída total do ámbito os 144.744 m² construídos, correspondentes, aproximadamente, á edificación existente que se mantén).

A vista destes datos e do aproveitamento medio do polígono, atopámonos na área do PERI II-06 Carballa con propietarios de edificacións que superan con exceso a edificabilidade media do polígono e outros que non poden apropiarse dos aproveitamentos urbanísticos que no mesmo lles corresponden.

A resolver este problema encamínase o artigo 100.2 do Regulamento de Xestión Urbanística:

Para os terreos edificadas con arranxo ó planeamento, como sucede neste caso cos terreos de borde do ámbito, consolidados pola edificación, o precepto contido no artigo 166.3. a) do Texto Refundido da Lei do Solo de 1992, recollido nos mesmos termos nos artigos 100. 3. a) da Lei do solo de Galicia de 1997 e 116.3. a) da vixente LOUGA, dispón que:

"Non serán obxecto de nova adxudicación, conservándose as propiedades primitivas, sen prexuízo da regularización de linderos, cando fose necesaria, e das compensacións económicas que procedan: a) Os terreos edificados con arranxo ó planeamento."

Ás compensacións económicas procedentes refírese o dito artigo 100 nos seus apartados 1 e 2 do Regulamento de Xestión Urbanística:

"1. Na conta de liquidación provisional do proxecto (de reparcelación) inclúranse as indemnizacións que correspondan as diferenzas de adxudicación que se teñan producido, tanto por defecto como por exceso, e calquera que sexa a súa contía, valorándose ó precio medio dos solares resultantes.

2. Inclúranse tamén, como diferenzas de adxudicación, os excesos de aproveitamentos que queden atribuídos a determinados propietarios por virtude do disposto no artigo 99.3 da Lei do Solo (166.3 do TRLS/92) e artigos 89 e 90 deste regulamento."

Así pois, de acordo cos devanditos preceptos, os propietarios das parcelas de borde do ámbito, edificadas con arranxo ó planeamento, deberían indemnizar ós propietarios dos solos vacantes --ou ocupados por construcións a derruir-- do mesmo ámbito polo valor dos aproveitamentos urbanísticos consumidos polas edificacións a conservar no que excedan dos dereitos dos propietarios destas, que o Plan Xeral fixa en 1,66 m² construídos por m² de solo.

Sen embargo, tal esixencia resulta contraria o principio de respecto ós dereitos adquiridos que, no que ás fincas edificadas interesa, plasma na institución da situación de fora de ordenación e, no que ó presente caso importa, no de incorporación ó patrimonio dos seus respectivos titulares tanto das edificacións executadas conforme a normativa urbanística, como das edificacións ilegais, respecto das que non proceda xa a súa demolición; principio que se recolle expresamente xa no artigo 28. 2 da Lei 6/1998, de 13 de abril, sobre réxime do solo e valoracións ó establecer que:

"2. Nos ámbitos de xestión que teñan por obxecto a reforma, renovación ou mellora urbana, o aproveitamento de referencia de cada parcela ós solos efectos da súa valoración, será o resultante do planeamento ou o resultante da edificación existente se fora superior."

VI.- A diferenza da Lei do solo de 1956, que, na opinión deste informante, foi a lei que máis e mellor aproximouse ós problemas que presentan as construcións sobreedificadas preexistentes en polígonos delimitados para a execución dun determinado planeamento, no sistema de reparcelación instaurado pola Reforma de 1975-1976, atopámonos cunha solución contradictoria á tensión dos principios protectores dos dereitos dos propietarios de que estamos a falar --os das fincas sobreedificadas e os das parcelas ineditadas ou subeditadas--, que chega ata os nosos días como consecuencia da asunción pola práctica totalidade das lexislacións urbanísticas das distintas comunidades autónomas do réxime de reparcelación do TRLS de 1976; tensión contradictoriamente resolta na lexislación que é preciso abordar e resolver adecuadamente partindo do respecto, tanto dos dereitos adquiridos polos propietarios das parcelas sobreedificadas, como dos dereitos dos propietarios de fincas ineditadas ou subeditadas que, a virtude da aplicación das técnicas dos aproveitamentos promediados, sen matización algunha para edificios preexistentes nun pólígono, poden ver reducidos os seus dereitos na equidistribución a consecuencia do recoñecemento ós titulares das parcelas sobreedificadas --como dereitos adquiridos-- destes excesos de aproveitamento sobre o promediado do polígono ou ámbito de execución

VII.- *Agora ben, en tanto tal tensión non se resolva satisfactoriamente na lexislación, correxindo as actuais contradicións das normas que abordan a cuestión, a solución a este problema, no ámbito que nos ocupa, pasa por excluír do mesmo as edificacións existentes a conservar e, en xeral, pola exclusión dos solos que proceda considerar como consolidados; exclusión que haberá de efectuarse mediante a correspondente modificación do planeamento xeral.*

VIII.- *A exclusión do ámbito do plan especial da edificación consolidada de borde e o mantemento dun aproveitamento urbanístico de 1,66 m²c/m² no resto da súa superficie implica, na interpretación do Tribunal e na mecánica da reparcelación de 1976, un incremento de intensidade de uso na zona que deberá compensarse coa previsión de maiores dotacións públicas no distrito, de acordo co previsto no artigo 47.2 LOUGA.*

Como queira que o vixente Plan Xeral de Ordenación de Vigo non está adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, de acordo coa disposición transitoria primeira 1. c) desta lei, a previsión das maiores dotacións públicas deberá ter lugar no propio polígono; o que imposibilita, na práctica, a realización dunha modificación puntual do PXOU para a exclusión pretendida e mantemento dun aproveitamento urbanístico de 1,66 m²c/m² no resto da superficie do ámbito, polo que tal modificación haberá de operarse con ocasión do proceso de revisión do Plan Xeral, actualmente en marcha.

IX.- *Polo que á xestión atinxe, cumpre recordar o gran número de conflitos xurdidos en torno a execución desta figura de planeamento, o que aconsella que sexa esta Administración municipal a que asuma a iniciativa da actuación, mediante a determinación no novo Plan Xeral, para este ámbito, da cooperación como sistema de actuación.*

X.- *Finalmente, a máis rápida solución á execución da ordenación que se aprobe para este ámbito, demorada desde hai longo tempo, aconsella, tamén, a tramitación dos proxectos de equidistribución e urbanización do polígono de maneira simultánea coa da revisión do Plan xeral, de xeito, que, coa aprobación deste, e dos ditos proxectos, pódanse acometer inmediatamente as obras de urbanización e edificación do ámbito.*

Por todo o exposto e de acordo coas precedentes consideracións e artigos citados proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte A C O R D O ...”

Conclúe o informe formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Acordo

A Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Prestar conformidade ó informe que antecede e, xa que logo, contestar nos termos do mesmo a consulta formulada, con data 20 de febreiro de 2004, por D. José Luis Quiroga Souto, en nome da Xunta de Compensación do PERI II-06 Carballa, sobre os trámites, actuacións e procedementos que esta Administración municipal pensa seguir para solucionar-la situación creada pola firmeza da sentenza de 27 de marzo de 2003, dictada no recurso contencioso-administrativo número 02/6727/1998, interposto pola "Asociación de Propietarios e Veciños da Carballa" contra os acordos que se sinalan nos antecedentes deste acordo.

2º.- Notifíquese, en legal forma, a presente resolución á Xunta de Compensación do PERI II-06 Carballa.

20(535).- RECEPCIÓNS PARCIAIS:

a) OBRAS DE URBANIZACIÓN DO ESTUDIO DE DETALLE “FINCA VILLA OTERO”, ENTRE A RÚA MONTECELO ALTO E BAIXO. EXPTE. 25818/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do servizo de Xestión da Xerencia municipal de Urbanismo, do 12.04.04, que di o seguinte:

Á vista do expediente referenciado, resultan relevantes para a súa resolución os seguintes

FEITOS:

1) Con data de 26/02/1999, don JOSÉ-MARÍA VADILLO LAPERA, en representación de PORTO GRIN, S.A., solicitou a recepción parcial das obras de urbanización arriba referenciadas. Esta solicitude reitorouse con datas de 2 de marzo de 2.001 e finalmente en data de 25 de febreiro de 2.003.

2) Polo Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas da Oficina de Planeamento da Xerencia Municipal de Urbanismo, infórmase con data de 27 de marzo de 2.001 que "la modificación del Estudio de Detalle de la finca Villa Otero, entre las calles de Montecelo Alto y Bajo (Exp-3795/411) fue aprobada definitivamente el 21 de marzo de 1.997, y consistía en la reducción del número de viviendas, sin alterar las cesiones. Se adjunta copia de la publicación en el B.O.P.

La solicitud presentada es de recepción parcial de las obras de urbanización, con objeto de solicitar la licencia de primera ocupación de parte de las viviendas que el E.D. permite, cuyo acceso se realiza precisamente por una de las dozs zonas de cesión previstas y que se encuentra urbanizada de acuerdo con el Proyecto de Urbanización aprobado.

Cuando se materialice el resto del aprovechamiento, deberá recepcionarse la otra zona de cesión (ya escriturada), una vez que se urbanice."

3) Con data de 5 de novembro de 2.002 o Arquitecto Técnico Municipal da Xerencia de Urbanismo informa que "O estudio de detalle da finca denominada Villa Otero, sita en Montecelo Alto, dispón de aprobación definitiva de data 23 de decembro de 1989 e de proxecto de urbanización de data 24 de xaneiro de 1990. No citado E.D. e proxecto de urbanización, figuran unhas cesións para viario urbanizado de 93,00 e 238,00 m2. Con data 21 de marzo de 1997, foi aprobado definitivamente polo Pleno unha modificación puntual do estudio de detalle que non altera as cesións ás que se fai referencia. As citadas cesións figuran na escritura ante o notario de Vigo, D. José M^a Rueda Pérez de data 13 de marzo de 1.990, adxunta ó expediente.

Así mesmo figura no expediente un mandamento de ingreso dun aval de Caixa Galicia por valor de 4.500.000,00 pts., (27.045,54 euros), para responder da urbanización dos viais correspondentes ás cesións previstas nas parcelas 1ª e 2ª do Estudio de Detalle.

No desenvolvemento do E.D., non foron construídas a totalidade das edificacións previstas, estando pendentes de edificación unha serie de sólidos.

Á vista do exposto poderíase acordar a recepción parcial das obras de urbanización, tendo en conta que a cesión xa está efectuada e que figura un aval para responder da citada urbanización.

A citada cesión da totalidade dos terreos, xa figura inventairada no departamento de Patrimonio".

Consta no expediente fotocopia simple da escritura de cesión gratuita outorgada en data de 13/03/1990 por PORTO GRIN, S.A. a favor do Concello de Vigo, perante o Notario don JOSÉ-MARÍA RUEDA PÉREZ co número 479 do seu protocolo.

4) Polo enxeñeiro xefe do servizo de vías e obras en data de 4 de marzo de 2004 infórmase que:

"Con data de 25/02/2003 don José María Vadillo Lapera e don José Antonio Díez González, en nome e representación de PORTOGRIN, S.A. e UFC, S.A. respectivamente, ámbalas dúas entidades encargadas da promoción da Urbanización denominada "FINCA VILLA OTERO", mediante escrito presentado no Rexistro Xeral deste Concello, solicita a recepción parcial das obras contempladas no "Estudio de Detalle Finca Villa Otero", emprazada entre as rúas Montecelo e Montecelo Baixo, aprobado na Comisión Municipal de Goberno de data 30/03/1990, e aprobada definitivamente a "Modificación do Estudio de detalle" en sesión do Pleno do Concello data 21/03/1997.

Inclúese como documentación achegada á solicitude de recepción das obras:

- Plano da recepción parcial.
- Acta de recepción das obras por parte da Propiedade conformada pola Sociedade Promotora das obras de urbanización, a empresa constructora e a dirección facultativa das obras.
- Certificación do técnico director das obras no sentido de que as obras axústanse ó proxecto de urbanización aprobado cos materiais e normas habituais deste Concello.
- Copia do documento notarial de formalización de cesións obrigatorias ao Concello.

En orde á recepción das obras de urbanización agora solicitadas, foron inspeccionadas e solicitados os correspondentes informes aos servizos de Electromecánicos e aos servizos técnicos de Aqualia, empresa concesionaria dos servizos de abastecemento e saneamento de augas, cos seguintes resultados:

- En data 03/03/2004 o enxeñeiro técnico do servizo de Vías e Obras, informa no sentido de que as obras axústanse sensiblemente ás contempladas no proxecto de urbanización aprobado e sen atopar deficiencias, salvo vicios acochados.
- Con data 26/11/2001 o Servizo de Electromecánicos, informa que a instalación cumpre coa normativa vixente.
- Con data 04/11/2003 o Xefe do Departamento de Explotación de Aqualia, informa de forma favorable respecto ás instalacións executadas.

Polo exposto somete á consideración do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, a seguinte:

PROPOSTA:

1. *Aproba-la recepción parcial descrita das obras de urbanización da Urbanización "FINCA VILLA OTERO" no ámbito delimitado no plano denominado: Plano de Recepcións Parciais, o cal se achega.*
2. *Dar traslado deste acordo aos seguintes servicios municipais: Patrimonio e Contratación, Estatística, Cultura, Parques e Xardíns, Electromecánicos, Licencia de Obras e Aqualia."*

5) Polo Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas da Oficina de Planeamento da Xerencia Municipal de Urbanismo, infórmase con data de 12 de marzo de 2.004 que "las obras que se solicita recibir, forman parte de las contenidas en el Modificado del Estudio de Detalle en la Finca Villa Otero entre las calles Montecelo y Montecelo Bajo, aprobado definitivamente el 21/03/97, y responden a sus determinaciones.

Se trata de la recepción definitiva de parte de las obras de dicho Estudio de Detalle, señaladas en el plano adjunto al informe de la oficina de Vías y Obras de fecha 4 de marzo de 2004."

Ós anteriores feitos sonlle de aplicación os seguintes

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

I. De conformidade co preceptuado no artigo 110.5 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG), "A recepción polo concello das obras de urbanización en execución do planeamento rexerese polo disposto na lexislación de contratos das administracións públicas".

II. O Texto refundido da lei de contratos das administracións públicas aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño (TRLCAP), regula a recepción das obras no seu artigo 147, que se desenvolve nos artigos 163 e seguintes do Regulamento xeral da Lei de contratos, aprobado por RD 1098/2001, de 12 de outubro (RC). En aplicación do disposto nas normas citadas e consonte ós informes favorables do Enxeñeiro xefe do servicio de vías e obras e do Enxeñeiro técnico de obras públicas da Oficina de Planeamento da Xerencia Municipal de Urbanismo procede a recepción das obras de urbanización, por canto se trata dun acto regrado.

III. Serán de aplicación, asemade, os prazos de garantía e responsabilidade por vicios ocultos establecidos na normativa de contratación citada.

IV. En canto á recepción parcial das obras de urbanización, esta procede á vista do informe do Enxeñeiro técnico de obras públicas de data de 27/03/2001 e en aplicación do artigo 180.2 do Regulamento de Xestión, aprobado por Decreto 3288/1978, de 25 de agosto, por canto establece que a cesión poderá referirse a unha parte do polígono ou unidade de actuación aínda cando non se contemplase a urbanización dese ámbito territorial, sempre que a área xa urbanizada constituía unha unidade funcional directamente utilizable e se proudcise respecto da mesma a recepción definitiva por parte da xunta de compensación.

V. É competente para adoptar este acordo a Xunta de Goberno Local, en virtude do artigo 127 da Lei reguladora das bases do réxime local na redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local.

En mérito dos feitos e fundamentos de dereito expostos, proponse ó Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo para que eleve esta proposta para a aprobación pola Xunta de Goberno Local do seguinte ACORDO..."

Conclúe o informe formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade co precedente informe-proposta, acorda:

1º.- Aprobar a recepción parcial e definitiva das obras de urbanización correspondentes ó Estudio de Detalle "FINCA VILLA OTERO" rúa Montecelo Alto e Baixo, ás que se refiren o informe proposta do Enxeñeiro xefe do servizo de vías e obras en data de 4 de marzo de 2004 e o informe do Enxeñeiro técnico de obras públicas da oficina de planeamento da Xerencia Municipal de Urbanismo de data de 12 de marzo de 2004.

2º.- Notificar o contido íntegro deste acordo ós interesados, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpor alternativamente recurso de reposición ante esta Administración municipal no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo no prazo de dous meses, sen prexuízo de que exerciten calquera outro que estimen procedente.

3º.- Darlle traslado do contido íntegro deste acordo ós departamentos municipais de licencia de obras, vías e obras, electromecánicos, montes, parques e xardíns, limpeza, patrimonio e contratación, estatística e cultura, e á concesionaria Aqualia, Gestión Integral del Agua, S.A.

b) OBRAS DE URBANIZACIÓN DA U.E. REFREY, 4ª FASE. EXPTE. 34230/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do servizo de Xestión da Xerencia municipal de Urbanismo, do 15.04.04, que di o seguinte:

Á vista do expediente referenciado, resultan relevantes para a súa resolución os seguintes

FEITOS:

1) O Pleno do Concello de Vigo, en sesión de 27 de xaneiro de 1998, acordou aprobar definitivamente a modificación puntual do PXOU e do PERI de Bouzas nos terreos propiedade da Sociedade Anónima Laboral, Industrias Paulino Freire, conforme á documentación refundida introducindo as determinacións de carácter urbanístico observadas polo Sr. delegado provincial da CPTOPV da Xunta de Galicia no seu informe de Ardá Criado, visado polo COAG o día 16 de decembro de 1997, procedendo á publicación e comunicación do presente acordo, conforme dispón o artigo 48 da Lei 1/1997 de 24 de marzo, do solo de Galicia.

2) O Pleno do Concello de Vigo, en sesión de 3 de agosto de 1998, acordou aprobar o proxecto de compensación de propietario único da unidade de execución "Refrey", achegado con data de 24 de xuño de 1998 e protocolizado perante o notario don Mariano Vaqueiro Rumbao en data de 4 de setembro de 1.998 e co número 1995 do seu protocolo.

3) O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión de 21 de agosto de 1.998, acordou aprobar definitivamente o proxecto de urbanización dos terreos de "Refrey" (Expte. 4076/401).

4) O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión de 13 de decembro de 2.001 aprobou as recepcións parciais das 1ª, 2ª e 3ª fases das obras de urbanización da unidade de execución "Refrey" en datas de 13 de decembro de 2001, 4 de xullo e 28 de novembro de 2.002 respectivamente.

8) Con rexistro de entrada de data de 18 de novembro de 2.003 e número de documento 30100663, don JUAN-MANUEL PÉREZ PAMIES, en representación de "LA BOUZA SUR, S.L." solicita a recepción parcial das obras da 4ª fase da urbanización da unidade de execución "REFREY".

9) Polo enxeñeiro xefe do servizo de vías e obras en data de 18 de marzo de 2004 infórmase que:

"Con data 04/11/2003 don Juan Manuel Pérez Pamies en nome e representación entidade mercantil LA BOUZA SUR, mediante escrito presentado no Rexistro Xeral deste Concello, solicita a recepción parcial das obras contempladas no proxecto de urbanización dos "Terreos da Fábrica Refrey" aprobado definitivamente polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión ordinaria celebrada o día 21/08/1998.

As obras foron obxecto de recepcións parciais anteriores, nos ámbitos sinalados no plano denominado "Recepcións Parciais", acordadas polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo en datas:

- 1ª Fase: 13/12/2001
- 2ª Fase: 04/07/2002
- 3ª Fase: 28/11/2002

Inclúese como documentación achegada á solicitude de recepción das obras:

- Plano de recepcións parciais.
- Acta de recepción das obras por parte da propiedade conformada pola propia empresa propietaria, a empresa constructora e a dirección facultativa das obras.
- Certificación do técnico director das obras no sentido de que as obras axústanse ó proxecto de urbanización aprobado cos materiais e normas habituais deste Concello.
- Copia do documento notarial de formalización de cesións obrigatorias ao Concello.

En orde á recepción das obras de urbanización agora solicitadas, sinalado no plano de recepcións parciais 4ª fase, foron inspeccionadas e solicitados os correspondentes informes aos servizos de Electromecánicos; Montes, Parques e Xardíns e aos servizos técnicos de Aqualia empresa concesionaria dos servizos de abastecemento e saneamento de augas, cos seguintes resultados:

En data 18/03/2004 o enxeñeiro técnico do servizo de Vías e Obras, informa no sentido de que as obras axústanse sensiblemente ás contempladas no proxecto de urbanización aprobado e sen atopar deficiencias, salvo vicios acochados.

Con data 11/12/2003 o Servizo de Electromecánicos, informa que non existe inconveniente en acceder á solicitude da 4ª recepción provisional destas obras tendo en conta que:

- A responsabilidade das instalacións eléctricas será do instalador, estando pendente de entrega o Certificado de Dirección de Obra.

- Os gastos de mantemento e consumo de enerxía eléctrica serán por conta da propiedade en tanto non se efectúe a recepción definitiva das instalacións.

Con data de 19/01/2004 o Servicio de Montes, Parques e Xardíns, informa que as obras adáptanse ós criterios deste servizo.

Con data 11/03/2004 o Xefe do Departamento de Explotación de Aqualia, informa que os defectos atopados nunha primeira revisión foron xa arranxados, agás un colector que se atopa con deficiencias de pendente e aínda debe ser modificado. Non obstante esta deficiencia non afecta ó correcto funcionamento do colector, polo que, aínda que deberá estar subsanada con carácter previo á vindeira recepción parcial, procede a recepción.

Poderán outorgarse aquelas licencias de primeira ocupación que se soliciten, restrinxíndoas ao ámbito da urbanización xa recibida ou que agora se recibe.

Aquelas zonas da urbanización que non foran obxecto de recepción illaranse con elementos fixos para garanti-la seguridade dos usuarios das zonas a entregar ao uso público.

Polo exposto somete á consideración do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, a seguinte:

PROPOSTA:

3. Aproba-la recepción provisional da 4ª Fase descrita das obras de urbanización da Unidade de Execución REFREY, suxeita ás seguintes condicións:
 - a) Ámbito delimitado no plano denominado, Plano de Recepcións Parciais, o cal se achega.
 - b) A conservación e custo da enerxía ata o momento da recepción definitiva, será por conta da empresa propietaria.
 - c) Previa á recepción definitiva da totalidade das obras de urbanización, no caso de que o proceso das obras que restan produciran deterioros na mesma, a Propiedade deberá resituir a zona agora recibida ao seu estado actual.
 - d) As zonas pendentes de recepción illaranse mediante valado suxeito con elementos fixos, para garanti-la seguridade dos usuarios de zonas que agora se entregan ao uso público. Deberase corrixir a pendente do colector ao que se fai referencia no informe de Aqualia e dispoñelo de acordo co Proxecto. O prazo para esta operación establécese en 3 meses a partir da notificación da presente recepción provisional.
 - e) O outorgamento de licencias de primeira ocupación quedará restrinxido ó ámbito da urbanización obxecto da presente recepción ou de recepcións parciais previas.
4. Dar traslado deste acordo aos seguintes servizos municipais: Patrimonio e Contratación, Estatística, Cultura, Parques e Xardíns, Electromecánicos, Licencia de Obras e Aqualia."

10) Polo Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas da Oficina de Planeamento da Xerencia Municipal de Urbanismo, infórmase con data de 22 de marzo de 2.004 que "las obras cuya recepción parcial se propone, se sitúan dentro del Proyecto de Urbanización (Exp-4076/401) de los terrenos de la fábrica REFREY, aprobado definitivamente el 28/08/98.

Ese Proyecto desarrollaba las determinaciones contenidas en la Modificación Puntual del PERI II-09 Bouzas (Exp-3878/411), aprobada definitivamente el 27/01/98.

Las cesiones correspondientes se contienen en el Proyecto de Compensación (Exp-4098/401) aprobado definitivamente el 03/08/98.

Debe reiterarse a la propiedad, la necesidad de ejecutar las tareas de mantenimiento de los espacios hasta el momento recepcionados parcialmente, en tanto no se proceda a su entrega definitiva.

Ós anteriores feitos sonlle de aplicación os seguintes

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

I. De conformidade co preceptuado no artigo 110.5 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG), "A recepción polo concello das obras de urbanización en execución do planeamento rexerese polo disposto na lexislación de contratos das administracións públicas".

II. O Texto refundido da lei de contratos das administracións públicas aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño (TRLCAP), regula a recepción das obras no seu artigo 147, que se desenvolve nos artigos 163 e seguintes do Regulamento xeral da Lei de contratos, aprobado por RD 1098/2001, de 12 de outubro (RC). En aplicación do disposto nas normas citadas e consonte ós informes favorables do Enxeñeiro Xefe do Servicio de Vías e Obras e do Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas da Oficina de Planeamento da Xerencia Municipal de Urbanismo procede a recepción parcial das obras de urbanización, por canto se trata dun acto regrado.

III. En canto á recepción parcial das obras de urbanización, esta procede en aplicación dos artigos 147.5 do TRLCAP, segundo o cal poderán ser obxecto de recepción parcial aquelas aprtes de obra susceptibles de ser executadas por fases que poidan ser entregadas ó uso público, segundo o establecido no contrato; e en aplicación do artigo 180.2 do Regulamento de Xestión, aprobado por Decreto 3288/1978, de 25 de agosto, por canto establece que a cesión poderá referirse a unha parte do polígono ou unidade de actuación aínda cando non se contemplase a urbanización dese ámbito territorial, sempre que a área xa urbanizada constituía unha unidade funcional directamente utilizable e se producise respecto da mesma a recepción definitiva por parte da xunta de compensación.

IV. Rexerán, asemade, os prazos de garantía e responsabilidade por vicios ocultos establecidos na normativa de contratación citada e os demais preceptos que resulten de aplicación.

V. En canto á conservación das obras de urbanización, tal e como recolle o artigo 167.1 do TRLCAP durante o prazo de garantía (que comeza desde a recepción segundo o artigo 147.2) coidará o contratista en todo caso da conservación e policía das obras con arranxo ó previsto nos pregos e ás instrucións que dese o director da obra.

VI. O deber de constituir a entidade de conservación das zonas verdes e espacios libres desta urbanización resulta da aplicación dos artigos 25, 67 e 68 do Regulamento de Xestión, aprobado por Decreto 3288/1978, de 25 de agosto, por canto a obriga resulta do apartado 3.2.3.5.b) das Normas Urbanísticas do PXOU de 1993, agás para as zonas verdes e libres que teñan a consideración de sistemas xerais.

VII. É competente para adoptar este Acordo a Xunta de Goberno Local, en virtude do artigo 127 da Lei reguladora das bases do réxime local na redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local.

En mérito dos feitos e fundamentos de dereito expostos, proponse ó Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo para que eleve esta proposta para a aprobación pola Xunta de Goberno Local do seguinte ACORDO...

Conclúe o informe formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade co precedente informe-proposta, acorda:

1º.- Aprobar a recepción parcial da 4ª fase das obras de urbanización da unidade de execución REFREY, delimitada no "Plano de Recepción parciais" achegado, suxeita ós condicionamentos establecidos no informe proposta do Sr. Enxeñeiro Xefe de Vías e Obras DE 18/03/2004, transcrito na parte expositiva.

2º.- Iniciar o expediente municipal para a esixencia de constitución de entidade de conservación ós propietarios da U.E. REFREY, poñéndollo de manifesto para que no prazo de dez días acheguen alegacións e aporten documentos e xustificacións que estimen pertinentes.

3º.- Recordar ó departamento municipal de Licencias de obras que recolla nos acordos que se adopten sobre licencias de obra, primeira ocupación e utilización a obriga de conservación das zonas verdes e espazos libres cedidos a esta Administración, nos termos expostos.

4º.- Notificar o contido íntegro deste acordo ós interesados, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpor alternativamente recurso de reposición ante esta Administración municipal no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo no prazo de dous meses, sen prexuízo de que exerciten calquera outro que estimen procedente. Non obstante, contra o segundo punto deste acordo non cabe recurso ningún por tratarse dun acto de trámite.

5º.- Darlle traslado do contido íntegro deste acordo ós departamentos municipais de licencia de obras, vías e obras, electromecánicos, montes, parques e xardíns, limpeza, patrimonio e contratación, estatística e cultura, e á concesionaria AQUALIA, GESTIÓN INTEGRAL DEL AGUA, S.A.

21(536).- SOLICITUDES DE SUBVENCIONES Á FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS PARA ACTIVIDADES A DESENVOLVER POLA CONCELLERÍA DE XUVENTUDE:

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo cos informes da xefa do Servicio de Xuventude, de 28.04.04, conformados pola concelleira delegada de dito Servicio, nos que fai constar que ó abeiro da convocatoria de axudas para desenvolver pola corporacións locais en materia de xuventude, realizada pola Federación Española de Municipios e Provincias, a Concellería ten previsto solicitar subvención para os proxectos que de seguido se relacionan, polo que a Xunta de Goberno acorda:

a) Aproba-la solicitude de subvención para o Programa “Ocio Nocturno: Noites Vivas” por importe de 29.250 €. Expte. 1073/336.

b) Aproba-la solicitude de subvención para o Proxecto de “Mantemento e mellora dunha oficina de información xuvenil (OFIX) en Vigo”. Expte. 1074/336.

c) Aproba-la solicitude de subvención para “Equipamento e creación de recursos asociativos” por importe de 2.751 €. Expte. 1075/336.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

22(537).- GRATIFICACIÓN POR SERVICIOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTES ÓS MESES DE NOVEMBRO 2003 E MARZO 2004. EXPTE. 15017/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 30.04.04, e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 28.04.04, conformado polo xefe da Área de Réxime Interior, e o concelleiro-delegado de Persoal, a Xunta de Goberno, acorda:

Asignar unha gratificación por servicios especiais e extraordinarios correspondentes os meses de NOVEMBRO-2003 E MARZO-2004, con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓN, que se abonará no nómina do vindeiro mes, ó persoal dos servicios que a continuación se indican:

- Servicio de Extinción de Incendios, relacións que se achegan e que comencan por don Marcos Acuña Fernández e remata por don José B. Villaverde Veleiro, por un total de 587'00 horas.
- Montes, Parques e Xardíns, relación que se achega e que comenza por don Alfonso Alonso Rodríguez e remata por don Manuel Valado Gómez, por un total e 344'00 horas.
- Policía Local, relacións que se achegan e que comenza por don Iván Abalde Casanova e rematan por don Antonio Vivero Mijares, por un total de 3.481'75 horas.
- Parque Móbil, relacións que se achegan e que comenza por don Miguel Angel Alonso Alonso e remata por don Cándido Souto Benites, por un total de 517 horas.
- Conserxería, relacións que se achegan e que comencan por don José Angel Fernández Alonso e rematan por don Francisco Martínez Muñoz, por un total de 67'30 horas.
- Xerencia do Parque Central, relación que se achega e que comenza por don José Froján Villaverde e remata por don Bernardo Rodríguez Lestón, por un total de 115'00 horas.
- Vías e Obras, relación que se achega e que comencan por don Miguel Alonso Cue e rematan por don José Manuel Martínez González, por un total de 394'00 horas.
- Inspección Vías e Obras, relacións que se achegan e que comencan por don Eugenio Matilde Viñas e rematan por don Ricardo Lobato Cameselle, por un total de 187'00 horas.
- Alcaldía, relación que se achega de don Basilio Costas Fernández, por un total de 8'00 horas.
- Desinfección, relación que se achega e que comencan por don Ricardo González Arzua e rematan por don José Manuel Sousa Atrio, por un total de 89'00 horas.
- Circulación Viaria, relación que se achega de don José Ramón Alonso González, por un total de 24'00 horas.
- O montante do presente expediente ascende a un total de 40.252'85 €.

23(538).- ROGOS E PREGUNTAS.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás dez horas e vintecincos minutos. Como secretaria dou fé.

me.